

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

LINGUA GALEGA E LITERATURA.

**CPI da Cañiza.
Curso 2021/2022**

| ÍNDICE | Páx. |
|---|-------------|
| Introdución e contextualización | 3 |
| Obxectivos de etapa | 4 |
| Contribución da área ás competencias claves | 5 |
| 1º ESO | |
| Obxectivos | 7 |
| Contidos | 8 |
| Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias, temporalización e grao mínimo de consecución. | 11 |
| Mínimos esixibles. | 29 |
| 2º ESO | |
| Obxectivos | 29 |
| Contidos | 31 |
| Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias, temporalización e grao mínimo de consecución. | 33 |
| Mínimos esixibles. | 61 |
| 3º ESO | |
| Obxectivos | 61 |
| Contidos | 62 |
| Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias, temporalización e grao mínimo de consecución. | 65 |
| Mínimos esixibles. | 86 |
| 4º ESO | |
| Obxectivos | 87 |
| Contidos | 88 |
| Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias, temporalización e grao mínimo de consecución. | 90 |
| Mínimos esixibles. | 116 |
| Metodoloxía | 117 |
| Materiais e recursos didácticos | 118 |
| Avaliación | 119 |
| Instrumentos de avaliación | 120 |
| Criterios de cualificación | 121 |
| Criterios de corrección e puntuación | 121 |
| Medidas de atención á diversidade | 122 |
| Plans de traballo para recuperar a a materia pendente | 123 |
| Programación de educación en valores | 123 |
| Accións de contribución ao plan de convivencia | 125 |
| Accións de contribución ao Proxecto Lector | 127 |
| Accións de contribución ao Plan TIC | 132 |
| Actividades complementarias e extraescolares. | 133 |
| Avaliación da programación | 134 |
| Composición do Departamento de Lingua Galega e Literatura | 135 |

Introdución e contextualización

“Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”. A.D.R. CASTELAO

Programar consiste en estruturar as tarefas educativas mediante unha serie de accións que a/o docente desempeña para organizar, executar, regular e avaliar unha actividade didáctica.

Esta programación está encadrada no paradigma da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que á súa vez modificou a Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O currículo na Comunidade Autónoma de Galicia para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato está establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Esta programación está estruturada segundo as instrucións recollidas na resolución do 20 de xullo de 2017 (DOG do 29 de xullo de 2015) no seu artigo 13, relativo a programacións didácticas e no Decreto 86/2015. Tamén terá relevancia a orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o decreto 79/2014 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino, con relación á exención da nosa materia.

A pesar do recoñecemento de cooficialidade por parte da Constitución (art.3), do recoñecemento como lingua propia de Galicia polo Estatuto de Autonomía (art.5) ou da protección a nivel educativo que se fai na Lei de Normalización Lingüística (art.14), os estudos sociolingüísticos actuais amosan un retroceso do uso do galego na mocidade, que non ve na nosa lingua unha ferramenta válida para as novas situacións comunicativas.

A materia de Lingua Galega e Literatura na ESO oríentase tanto á aprendizaxe instrumental do idioma como á comprensión da realidade lingüística de Galicia, co obxecto de desenvolver nos escolares, ademais do uso correcto, unha actitude de aprecio e de sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social.

Non se pode esquecer a **situación de minorización** da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. A finalidade principal é **impulsar a normalización da nosa lingua**.

Contextualización do centro

O CPI da Cañiza é un CPI (Centro Público Integrado) situado na Cañiza; trátase dun concello rural, de media montaña e ben comunicado. Conta con todos os servizos dunha vila tipo: centro de saúde, biblioteca pública, casa da cultura, polideportivo...mais está afastado de lugares considerados centros económicos e culturais, polo que as actividades para a mocidade son limitadas.

Aproximadamente a terceira parte da poboación concéntrase no núcleo urbano da Cañiza, e o resto repártese en pequenos núcleos de poboación distribuídos en nove parroquias. No centro de secundaria recibimos tamén alumnado dos concellos de Crecente e Arbo. Cómpre ter en conta esta situación porque imos ter alumnado que non dispoña nin de equipos informáticos nin de conexión a Internet, o que vai dificultar o proceso de aprendizaxe non presencial.

Se atendemos aos datos do Proxecto Lingüístico do Centro (Decreto 79/2010), aínda que o galego sexa a lingua predominante nos fogares, nas interaccións comunitarias, a lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados e polas entidades asociativas do contorno, cómpre resaltar que na meirande parte do alumnado dos núcleos de maior poboación e con poboación máis nova apreciamos un retroceso no proceso galeguizador (reflectedo nas enquisas cubertas polos país do alumnado de 1º e 2º ciclo de Primaria).

O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Para logralo cómpre concienciar o alumnado da utilidade do galego en todos os ámbitos (relación interpersoais, música actual, presenza nas redes sociais, etc.) e acabar cos prexuízos lingüísticos. Amosarlle que o galego é unha lingua rica, sen connotacións políticas nin socioeconómicas. En definitiva unha **lingua actual e útil**.

Obxectivos xerais de etapa

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Contribución da área ás competencias básicas

Segundo o Artigo 2 do Decreto 86/ 2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias son “as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”.

Incidiremos no desenvolvemento das competencias no noso alumnado:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que

Iles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

1ºESO

Obxectivos

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

Contidos

Os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura agrúpanse en varios bloques.

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

Escoitar

- B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.
- B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e académico (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).
- B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.

Falar

- B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.

- B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).
- B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.
- B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

Ler

- B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.
- B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.
- B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito académico, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.
- B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.
- B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.

Escribir

- B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
- B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- B2.11. Produción, en soporte papel ou dixital, de textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- B2.12. Produción, en soporte papel ou dixital, de textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.
- B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.
- B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

- B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio...), así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.
- B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.
- B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- B4.3. A lusofonía.
- B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.
- B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- B4.7. Os prexuízos lingüísticos.
- B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.

Bloque 5. Educación literaria

- B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.
- B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.
- B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definatorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.
- B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, vinculación coas competencias, temporalización e grao mínimo de consecución.

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

- B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.
 - LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).
 - LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.
- B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
 - LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico.
 - LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.
 - LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
 - LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume) e o significado da linguaxe non verbal.
- B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
 - LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.
 - LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
 - LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.
- B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.
 - LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
 - LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.
- B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
 - LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.
 - LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.
 - LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
- B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
 - LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
 - LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a

- fonética galega (pronuncia das 7 vogais, *n* velar, fonema fricativo palatal xordo).
- LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).
- LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expoñer conclusións).
- LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.
- LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.
- B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
- LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
- LGB1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
- LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.
- LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.
- LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
- LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
- B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.
- LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
- LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

- B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.
- LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.
- LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.
- LGB2.1.4. Busca o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
- LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etcétera).
- LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.
- LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.
- B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.
- LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
- B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
- LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
- B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito académico do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, información de dicionarios, enciclopedias en distintos soportes.
- LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
- LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva

autonomía.

- B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- B2.6. Mostrar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
- LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
- LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais, sexistas.
- B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.
- LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.
- LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.
- LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.
- B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
- LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.
- LGB2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.
- LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.
- LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
- LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.
- B2.11. Producir, en soporte papel ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.
- B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.
- LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.
- LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.
- B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.

- LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.
- LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
 - LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.
- B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
 - LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.
- B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.
 - LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.
- B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
 - LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
 - LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
- B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
 - LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.
- B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.
 - LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.
- B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.
 - LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.
- B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo, os temporais e os explicativos).
 - LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
 - LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.
 - LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.
- B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
 - LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
 - LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.
- B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
 - LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

- B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
- LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.
- LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.
- LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.
- LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música, xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.
- B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo das diferentes contornas familiares do alumnado.
- LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo da súa contorna familiar e a do resto do alumnado.
- LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.
- B4.3. Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
- B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.
- B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na da súa contorna.
- B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.
- LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.
- LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
- LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.

Bloque 5. Educación literaria

- B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- LGB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

- LGB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.
- LGB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.
- LGB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.
- B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.
- LGB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.
- B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- LGB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- LGB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.
- LGB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.
- LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.
- LGB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.
- LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.
| LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. | CCL |
| LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. | CCL CSIEE CSC |
| LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | CCL CAA |
| LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. | CCL |

| | |
|--|------------|
| LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | CCL CSC |
| LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | CCL |
| LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos. | CCL |
| LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. | CCL |
| LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerxa estudantil. | CCL |
| LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | CCL |
| LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | CCL |
| LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | CCL |

Unidade 12

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar unha reportaxe.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado co vestiario e os complementos.
- Identificar as distintas modalidades oracionais.
- Empregar correctamente os grupos cultos.
- Identificar e respectar as variedades xeográficas.
- Coñecer a relación entre a literatura e outras artes como o cine e a música.
- Coñecer e aplicar a técnica de creación de acrósticos.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--------------------|
| LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). | CCL CAA |
| LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na | CCL |

| | |
|---|-------------|
| comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e reconece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | CSC |
| LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | CCL CCEC |
| LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | CCL |
| LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | CCL |
| LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). | CCL CSC |
| LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. | CCL CSC |
| LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. | CCL |
| LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | CCL CD |
| LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | CCL CSC |
| LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | CCL |
| LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos. | CCL |
| LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | CCL |
| LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | CCL CCEC |

Mínimos esixibles 2ºESO

- Ler, comprender e analizar textos narrativos, poéticos, cancións, noticias, entrevistas e reportaxes.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos
- Coñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado con viaxes, animais, gastronomía, seres míticos, comunicación, teatro e outros espectáculos, vestiario e complementos, navegación, medios de transporte, paisaxe mariña e paisaxe de montaña. Os antropónimos.
- Identificar os fonemas vocálicos e consonánticos do sistema fonolóxico galego.
- Coñecer a estrutura das palabras e a súa clasificación.
- O substantivo. Xénero e número. O adxectivo. O pronome persoal. O verbo.
- Dividir as palabras en sílabas e recoñecer ditongos, tritongos e hiatos.
- Coñecer e usar correctamente as regras de acentuación, o uso de maiúsculas, grupos cultos, uso b-v, h, s-x, n-ñ e os signos de puntuación.
- Coñecer a estrutura da oración, a súa clasificación e as modalidades oracionais.
- Ser consciente da diversidade de linguas no mundo.
- Coñecer as linguas da Península, a situación legal do galego e os conceptos de normalización e normativización. Valorar a propia lingua.
- Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.
- Diferenciar préstamos, estranxeirismos e castelanismos.
- Coñecer as variedades lingüísticas. As variedades xeográficas.
- Coñecer as características dos textos literarios. Identificar e comentar textos dos distintos xéneros
- Analizar e comentar textos de poesía lírica. Métrica. Estrofas. Recursos literarios.
- Analizar e comentar textos de xénero dramático. Características.
- Coñecer e aplicar as propiedades dos textos escritos. Adecuación, cohesión, coherencia e corrección
- Realizar esquemas, mapas conceptuais, resumos, colaxes e acrósticos.

3ºESO

Obxectivos

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais cunha fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara á dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais planificadas con axuda das TIC.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

9. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
13. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias.
16. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
17. Identificar os conectores e outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos.
18. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
19. Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
20. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
21. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
22. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuízos.
23. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
24. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
25. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.

Contidos

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

Escoitar

- B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- B1.2. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.
- B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.
- B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito académico (presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas).
- B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.

Falar

- B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito académico e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
- B1.10. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**Ler**

- B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos.
- B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).
- B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.
- B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.
- B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.

Escribir

- B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, intervencións en foros.
- B2.10. Produción, en soporte papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente entrevistas, crónicas e reportaxes.
- B2.11. Produción, en soporte papel ou dixital, de textos expositivos do ámbito académico a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.
- B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.
- B2.14. Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.
- B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).
- B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.
- B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.
- B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
- B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.
- B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.
- B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión

temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos atendendo a estes valores.

- B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.
- B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- B4.3. A lusofonía.
- B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula, barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.
- B4.5. O proceso de normalización, desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- B4.6. Etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- B4.8. Os prexuízos lingüísticos.
- B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

Bloque 5. Educación literaria

- B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
 - B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.
 - B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.
 - B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.
 - B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.
 - B5.6. (Re)creación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.
- Estes contidos están organizados en unidades no libro de texto.

Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, vinculación coas competencias, temporalización e grao mínimo de consecución.

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.

- LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes).
- LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.

B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.

- LGB1.2.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes, crónicas.
- LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
- LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.

B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.

- LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
- LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.
- LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.

B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito académico (presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.

- LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito académico e elabora un esquema ou resumo.
- LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.

B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade académica, tanto espontáneas como planificadas.

- LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.

B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

- LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas.
- LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.
- LGB1.6.3. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.

B1.7. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

- LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.
- LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.
- LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas.
- LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xestícula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.

B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

- LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
- LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das 7 vogais, n velar, fonema fricativo palatal xordo).
- LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.
- LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos, a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
- LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.
- LGB1.8.7. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou académica.

- LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.
- LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.
- LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.
- LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións académicas sinxelas.

B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.

- LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
- LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

- LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas, resumos.
- LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.
- LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.

- LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.
- B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos.
- LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos.
 - LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos, escollas léxicas) coa tipoloxía textual: convocatoria, actas de reunión, regulamentos.
- B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.
 - LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.
- B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter académico, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.
- LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.
 - LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.
 - LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.
- B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.
- LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.
 - LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.
- B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.
- LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.
- B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.
- LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
 - LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
- B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.
- LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.
 - LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica, entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.
- B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, intervencións en foros.
- LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións, intervencións en foros.
- B2.10. Producir, en soporte papel ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.

- LGB2.10.1. Produce, en soporte papel ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.

B2.11. Producir, en soporte papel ou dixital, textos expositivos do ámbito académico: informes, proxectos sobre tarefas académicas das distintas materias curriculares.

- LGB2.11.1. Produce, en soporte papel ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
- LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos académicos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos...

B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

- LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
- LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos.
- LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.
- LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.
- LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para acadar a coherencia e cohesión interna (conectores, tratamento de formas verbais).
- LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).

B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.

- LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos, correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.

B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.

- LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.

- LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.

B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.

- LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.
- LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.

B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras.

- LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.
- LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.

B3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.

- LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.
- B3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
- LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolve as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.
- B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.
- B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación.
- LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.
- B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.
- LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan.
- B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.
- LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.
- B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.
- LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.
- B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.
- LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e recoñece a postura de cada emisor.
- B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.
- LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.

- LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.
 - LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.
 - LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.
 - LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.
 - LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da Rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).
- B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.
- LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.
 - LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.
 - LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.
 - LGB4.2.4. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
 - LGB4.2.5. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.
 - LGB4.2.6. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.
 - LGB4.2.7. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
- B4.3. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
- LGB4.3.1. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
 - LGB4.3.2. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
 - LGB4.3.3. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
 - LGB4.3.4. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
- B4.4. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- LGB4.4.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.
- B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na da súa contorna.
- B4.6. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.
- LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.
 - LGB4.6.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.
 - LGB4.6.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

Bloque 5. Educación literaria

B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

- LGB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
- LGB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.

B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

- LGB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.
- LGB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
- LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
- LGB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época(s)/ período(s).

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

- LGB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.
- LGB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.

B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

- LGB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.

- LGB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.
- LGB5.5.2. Emprega diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.

B5.6. (Re)crear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos euízos.

- LGB5.6.1. (Re)crea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- LGB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos euízos.

Descríbiremos o grao de consecución dun estándar avaliábel de aprendizaxe de maneira porcentual.

| | |
|--|------------------|
| Menor que 30% | INSATISFACTORIO. |
| Maíor ou igual que 30% e menor que 50% | EN PROCESO |
| Maíor ou igual que 50% e menor que 70% | SATISFACTORIO |
| Maíor ou igual que 70% e menor ou igual que 100% | EXCELENTE. |

1ª Avaliación. Temporalización: setembro- novembro.

Unidade 1

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Clasificar textos segundo a canle de transmisión, o tema e a intención comunicativa.
- Ampliar o vocabulario relacionado coas redes sociais.
- Aplicar correctamente as regras de acentuación.
- Identificar as distintas unidades lingüísticas e as disciplinas que as estudan.
- Coñecer a formación da lingua galega e a súa evolución.
- Coñecer as principais características e mostras da literatura popular.
- Crear adiviñas seguindo uns pasos dados.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|--|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: definición e clases. - Vocabulario relacionado coas redes sociais. - Regras de acentuación. - Unidades lingüísticas. - O galego, lingua románica. - Voces patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Elementos de substrato e de superestrato. - Nacemento do galego-portugués. - A literatura popular, características e xéneros. - A literatura popular en prosa: conto e lenda. - A literatura popular en verso. | 1. Comprender que é un texto e coñecer as distintas clases de textos segundo a canle de transmisión, o tema e a intención comunicativa. | 1.1. Le con atención un texto e clasifícao segundo diferentes criterios. | CCL, CD, CAA |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas redes sociais. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das redes sociais. | CCL, CD |
| | 3. Aplicar correctamente as regras de acentuación. | 3.1. Aplica correctamente as regras de acentuación. | CCL |
| | 4. Coñecer as distintas unidades lingüísticas e as disciplinas que se ocupan do seu estudo. | 4.1. Discrimina as diferentes unidades lingüísticas. | CCL |
| | 5. Coñecer a formación da lingua galega e a súa evolución desde as súas orixes ata o nacemento do galego-portugués. | 5.1. Diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos e coñece as principais transformacións que sufriron as palabras patrimoniais. | CCL, CCEC |

| | | | |
|--|---|---|-----------------------------|
| | | 5.2. Recoñece os elementos de substrato e superestrato na lingua galega. | |
| | 6. Coñecer as principais características e mostras da literatura popular, tanto en prosa como en verso. | 6.1. Coñece as principais características da literatura popular e identifica os xéneros da prosa máis abondosos: o conto e a lenda. | CCL, CD, CCEC, CAA |
| | | 6.2. Recoñece os diferentes tipos de cantigas. | |

Unidade 2

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os elementos propios dos textos narrativos.
- Ampliar o vocabulario relacionado plantas aromáticas e medicinais.
- Aplicar correctamente as regras de uso do acento diacrítico.
- Descompoñer as palabras nos seus constituíntes e clasificalas segundo a súa estrutura.
- Identificar algunhas características lingüísticas do galego medieval.
- Coñecer as principais características e xéneros da literatura galego-portuguesa medieval.
- Identificar as características temáticas e formais das cantigas de amigo.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|--|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: a narración. - Vocabulario relacionado coas plantas aromáticas e medicinais. - O acento diacrítico. - Estrutura e clasificación das palabras. - O galego na Idade Media: status e características. - A literatura galego-portuguesa medieval: clasificación. - A lírica medieval: cancioneros; autores e intérpretes. | 1. Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo tendo en conta os elementos que o caracterizan. | 1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e analiza os elementos que lle son propios: narrador, personaxes, espazo, tempo e argumento. | CCL, CD, CAA |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas planta aromáticas e medicinais. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das plantas aromáticas e medicinais. | CCL, CMCT |
| | 3. Aplicar correctamente o acento diacrítico. | 3.1. Aplica correctamente as regras de uso do acento diacrítico. | CCL |
| | 4. Descompoñer as palabras nos seus constituíntes e clasificalas segundo a súa estrutura. | 4.1. Analiza o lexema e os morfemas dunha palabra dada. 4.2. Recoñece palabras formadas por prefixación e | CCL |

| | | | |
|--|---|---|----------------------|
| - A cantiga de amigo: variedades temáticas e recursos formais. | | sufixación e explica o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos. 4.3. Diferencia palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas, e forma familias léxicas. | |
| | 5. Coñecer a situación do galego na Idade Media e recoñecer algunhas características lingüísticas do galego medieval. | 5.1. Coñece a situación do galego na Idade Media e identifica algunhas das súas características lingüísticas. | CCL, CCEC |
| | 6. Coñecer as principais características e xéneros da literatura galego-portuguesa medieval. | 6.1. Coñece a orixe e o corpus da literatura galego-portuguesa medieval. 6.2. Identifica, comenta e crea cantigas de amigo. | CCL, CAA, CCEC |

Unidade 3

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características do texto descritivo e aplicalas en creacións propias.
- Coñecer o vocabulario básico do campo semántico das emocións e os sentimentos.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación.
- Identificar substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasificalos.
- Recoñecer o xénero dos substantivos e saber formar o feminino e o plural.
- Comprender o concepto de plurilingüismo.
- Coñecer as principais características das cantigas de amor.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|--|-----------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: a descrición. - Vocabulario relacionado coas emocións e os sentimentos. - Os signos de puntuación: o punto, a coma e o punto e coma. - O substantivo: caracterización semántica, morfolóxica | 1. Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo seguindo uns criterios. | 1.1. Le con fluidez e atención un texto e identifica as características do texto descritivo. 1.2. Escribe textos descritivos. | CCL, CD, CAA, CCEC |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas emocións e os sentimentos. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das emocións e os sentimentos. | CCL, CSC |

| | | | |
|---|--|--|----------------|
| e sintáctica. - O plurilingüismo. - A cantiga de amor: temas, tipos e recursos formais. | 3. Aplicar correctamente os signos de puntuación. | 3.1. Aplica correctamente o punto, a coma e o punto e coma. | CCL |
| | 4. Categorizar e clasificar substantivos e formar o feminino e o plural. | 4.1. Identifica substantivos morfolóxica e sintácticamente e clasifícaos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura. 4.2. Identifica substantivos femininos e masculinos e forma o feminino de substantivos dados. 4.3. Forma o plural de substantivos simples e compostos. | CCL |
| | 5. Comprender o concepto de <i>plurilingüismo</i> . | 5.1. Comprende o concepto de <i>plurilingüismo</i> e enténdeo como unha realidade de carácter universal. | CCL, CSC |
| | 6. Coñecer as principais características das cantigas de amor. | 6.1. Identifica e comenta cantigas de amor. | CCL, CCEC, CAA |

Unidade 4

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características do texto dialogado.
- Coñecer o vocabulario básico do campo semántico do universo.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación.
- Identificar e clasificar adxectivos, aplicar as regras de concordancia e coñecer os distintos graos nos que pode aparecer.
- Entender e diferenciar os conceptos de bilingüismo, diglosia e normalización lingüística.
- Coñecer as principais características das cantigas de escarnio e das composicións que se agrupan na categoría de xéneros menores.
- Reescribir textos.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|--|---|--|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto dialogado. - Os textos: o texto dialogado. - Vocabulario relacionado co universo. - Os signos de puntuación: os dous puntos, os puntos suspensivos e a raia. - O adxectivo: caracterización semántica, morfolóxica e sintáctica. - O bilingüismo, a diglosia e a normalización lingüística. - A cantiga de escarnio e maldicir: tipos, temas e recursos formais. - Os xéneros menores. - Reelaboración de textos. | 1. Ler con fluidez e comprensión un texto dialogado e comentalo seguindo uns criterios. | 1.1. Le un texto e coméntao analizando as características lingüísticas e as marcas gráficas dun texto dialogado. | CCL, CD, CAA |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado co universo. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico do universo. | CCL, CMCT |
| | 3. Aplicar correctamente os signos de puntuación. | 3.1. Aplica correctamente os dous puntos, os puntos suspensivos e a raia. | CCL |
| | 4. Identificar e clasificar adxectivos, aplicar as regras de concordancia e coñecer os distintos graos nos que pode aparecer. | 4.1. Identifica e clasifica adxectivos. 4.2. Aplica as normas de concordancia do adxectivo, escribindo femininos e plurais doutros dados. 4.3. Diferencia os graos do adxectivo e aplica correctamente as partículas comparativas. | CCL |
| | 5. Entender e diferenciar os conceptos de <i>bilingüismo</i> , <i>diglosia</i> e <i>normalización lingüística</i> . | 5.1. Diferencia entre bilingüismo e diglosia e recoñece a importancia de normalizar o uso dunha lingua. | CCL, CSC |
| | 6. Coñecer as características propias das cantigas de escarnio e dos xéneros menores, e facer un comentario seguindo uns criterios dados. | 6.1. Recoñece as características propias da cantiga de escarnio e maldicir e comenta un texto representativo do xénero. 6.2. Identifica e caracteriza algunhas composicións consideradas como xéneros menores. | CCL, CCEC |
| | 7. Reescribir e ampliar textos. | 7.1. Reelabora textos a partir dunhas pautas dadas. | CCL, CAA, CCEC |

2ª Avaliación. Temporalización: decembro-febreiro.**Unidade 5****OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Recoñecer as características dos códigos, lingüístico e iconográfico, do cómic.
- Coñecer o vocabulario básico das artes.
- Utilizar correctamente as maiúsculas e as minúsculas.
- Coñecer a función dos determinantes e as súas clases.
- Coñecer e aplicar correctamente os artigos e os demostrativos.
- Coñecer as linguas que se falan na Península Ibérica e o status de cada unha.
- Coñecer as principais características da lírica relixiosa galego-portuguesa.
- Introducirse lixeiramente na prosa medieval.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|--|---|--|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: cómic. - Os textos: a banda deseñada. - Vocabulario relacionado coas artes. - O uso das maiúsculas e das minúsculas. - Os determinantes: artigos e demostrativos. - As linguas de España. - As <i>Cantigas de Santa María</i> e a prosa medieval. | 1. Ler con fluidez e comprensión un cómic e comentalo seguindo uns criterios. | 1.1. Le con fluidez e atención un cómic e identifica os códigos lingüístico e iconográfico empregados. 1.2. Crea un cómic a partir dunhas pautas dadas. | CCL, CD, CAA, CCEC |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas artes. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das artes. | CCL, CCEC |
| | 3. Coñecer o uso das maiúsculas e as minúsculas e utilízalas correctamente. | 3.1. Utiliza correctamente as maiúsculas e as minúsculas. | CCL |
| | 4. Coñecer a función dos determinantes e as súas clases e utilizar correctamente os artigos e os demostrativos. | 4.1. Identifica os determinantes e sabe cal é a súa función. 4.2. Identifica e aplica os artigos e as súas contraccións. 4.3. Identifica e aplica os demostrativos e as súas contraccións. | CCL |
| | 5. Identificar as linguas da Península Ibérica e o status de cada unha. | 5.1. Identifica as linguas da Península Ibérica e sabe cal é o seu status oficial. | CCL, CSC |

| | | | |
|--|--|--|----------------------|
| | 6. Coñecer as principais características da lírica relixiosa galego-portuguesa e introducirse na prosa medieval. | 6.1. Identifica e comenta <i>Cantigas de Santa María</i> . 6.2. Coñece algunhas obras da literatura galega medieval en prosa. | CCL, CAA, CCEC |
|--|--|--|----------------------|

Unidade 6

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características específicas dos textos poéticos, e aplicarlas en creacións propias.
- Coñecer o vocabulario básico das artes.
- Identificar topónimos e relacionalos cos seus xentilicios.
- Coñecer e aplicar correctamente os procedementos de redución de palabras.
- Coñecer e aplicar correctamente os posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos.
- Coñecer a situación do galego entre os séculos XV e XVIII.
- Coñecer as principais manifestacións literarias en galego entre os séculos XV e XVIII.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|-----------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: poema. - Os textos: o texto poético. - Vocabulario relacionado coa espeleoloxía e outros deportes. - Uso de <i>b</i> e <i>v</i>. - O pronome persoal: formas tónicas e átonas. - O galego no século XIX. - A literatura do século XIX. | 1. Ler con fluidez e comprensión un poema e comentalo seguindo uns criterios. | 1.1. Le con fluidez e atención un poema e identifica as características que lle son propias. 1.2. Compón poemas seguindo unhas pautas dadas. | CCL, CD, CAA, CCEC |
| | 2. Identificar, clasificar e analizar a orixe de determinados topónimos e relacionalos cos seus xentilicios. | 2.1. Identifica e analiza topónimos e clasifícaos segundo a súa orixe. 2.2. Relaciona topónimos dados cos xentilicios correspondentes. | CCL |
| | 3. Coñecer e aplicar correctamente os procedementos de redución de palabras. | 3.1. Recoñece e interpreta abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos. | CCL, CMCT |
| | 4. Recoñecer e aplicar correctamente os posesivos, os numerais, os indefinidos e os interrogativos e exclamativos, tanto na | 4.1. Identifica e aplica os posesivos. 4.2. Identifica e aplica os numerais. 4.3. Identifica e aplica os indefinidos. | CCL, CMCT |

| | | | |
|--|---|--|----------------|
| | súa función de determinante como pronominal. | 4.4. Identifica e aplica os interrogativos e exclamativos. | |
| | 5. Coñecer a situación e a evolución do galego entre os séculos XV e XVIII. | 5.1. Coñece cal era a situación e o status do galego entre os séculos XV e XVIII. | CCL, CSC, CCEC |
| | 6. Coñecer a situación da nosa literatura entre os séculos XV e XVIII. | 6.1. Coñece a situación da literatura galega nos chamados «Séculos Escuros» e coñece algunhas mostras literarias conservadas, así como as principais figuras dese período. | CCL, CCEC |

Unidade 7

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características propias do texto teatral e identificar os subxéneros dramáticos.
- Coñecer o vocabulario básico da espeleoloxía e outros deportes.
- Escribir correctamente palabras con *b* e con *v*.
- Identificar o pronome persoal, diferenciar formas tónicas e átonas e utilizar correctamente as formas átonas.
- Coñecer a situación da lingua e da literatura galegas no século XIX.
- Crear e representar un texto teatral.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: escena teatral. - Os textos: o texto dramático ou teatral. - Topónimos e xentilicios. - Procedementos de redución de palabras. - Os determinantes: posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos. - O galego medio. - A literatura dos séculos XV a XVIII. | 1. Ler un texto teatral coa entoación adecuada e facer o seu comentario. | 1.1. Le con fluidez e atención un texto dramático e reconece nel as características propias do xénero e clasifícao atendendo aos subxéneros teatrais. 1.2. Crea e representa un texto teatral. | CCL, CD, CAA, CCEC |
| | 2. Coñecer o vocabulario básico relacionado coa espeleoloxía e outros deportes. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da espeleoloxía e outros deportes. | CCL, CMCT |
| | 3. Utilizar correctamente as grafías <i>b</i> e <i>v</i> . | 3.1. Emprega correctamente as grafías <i>b</i> e <i>v</i> . | CCL |

| | | | |
|--|---|--|----------------------|
| | 4. Identificar o pronome persoal e as súas formas, diferenciar formas tónicas e átonas e utilizar correctamente as formas átonas. | 4.1. Identifica os pronomes persoais e discrimina entre tónicos e átonos. 4.2. Coñece as distintas formas tónicas, reconece a súa función e aplícaa correctamente en diferentes contextos. 4.3. Coñece as formas átonas do pronome persoal e as súas contraccións, reconece a súa función e colócaa de maneira adecuada. | CCL |
| | 5. Coñecer a situación da lingua galega no século XIX e comprender como foi recuperándose tras séculos de decadencia. | 5.1. Coñece a situación da lingua galega no século XIX e reconece os trazos propios da ortografía decimonónica. | CCL, CSC, CCEC |
| | 6. Comprender a situación da literatura galega no século XIX e coñecer algúns precursores do Rexurdimento. | 6.1. Comenta a situación da literatura galega no século XIX e coñece os precursores do Rexurdimento. 6.2. Sabe que foi o Rexurdimento e reconece os seus autores máis emblemáticos, ademais dalgúns outros secundarios. | CCL, CAA, CCEC |

Unidade 8

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender e compoñer textos expositivos.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa paisaxe natural.
- Escribir correctamente palabras con e sen h e coñecer o uso da diérese.
- Analizar formas verbais morfoloxicamente e conxugar verbos regulares e irregulares.
- Conxugar as formas verbais dos verbos regulares e con variacións.
- Coñecer e aplicar correctamente as formas verbais dos verbos irregulares.
- Coñecer as principais contribucións de Rosalía de Castro á literatura e á vida cultural galegas.
- Recitar poemas.

| Contidos | Critérios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|---|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto expositivo. - Os textos: o texto expositivo. - Vocabulario relacionado coa paisaxe natural. - Uso do <i>h</i> e da diérese. - O verbo: constituíntes; verbos regulares e irregulares. - Rosalía de Castro. - Recitado de poemas. | 1. Ler un texto expositivo e comprender as súas características específicas. | 1.1. Le con fluidez e atención un texto expositivo e coméntao atendendo ás súas características propias. | CCL, CD, CAA |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa paisaxe natural. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da paisaxe natural. | CCL, CMCT |
| | 3. Escribir correctamente palabras con e sen <i>h</i> e coñecer o uso da diérese. | 3.1. Escribe correctamente palabras con e sen <i>h</i> . 3.2. Coñece o uso da diérese e utilízaa correctamente. | CCL |
| | 4. Analizar formas verbais morfoloxicamente e conxugar verbos regulares e irregulares. | 4.1. Analiza o lexema e as desinencias dunha forma verbal e indica os valores que estas achegan. 4.2. Coñece e utiliza correctamente as formas verbais dos verbos regulares e con alternancia vocálica. 4.3. Coñece e utiliza correctamente as formas verbais dos verbos irregulares. | CCL |
| | 5. Coñecer a relevancia de Rosalía de Castro no ámbito da literatura e da cultura galega en xeral. | 5.1. Coñece a contribución de Rosalía de Castro á vida cultural e literaria galega e comenta algúns dos seus poemas. | CCL, CCEC |
| | 6. Recitar poemas. | 6.1. Recita poemas seguindo unhas pautas dadas. | CCL, CD, CAA, CCEC |

3ª Avaliación. Temporalización: marzo-xuño.**Unidade 9**

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender e compoñer textos argumentativos.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa xustiza e as leis.
- Escribir correctamente palabras con *s* e con *x* e diferenciar o uso de *senón* e *se non*.
- Identificar e utilizar correctamente perífrases verbais e saber clasificalas.
- Coñecer a contribución de Curros Enríquez á literatura e á vida cultural galegas.
- Crear coplas dos Maios.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: textos argumentativos. - Os textos: o texto argumentativos. - Vocabulario relacionado coa xustiza e as leis. - Uso do <i>s</i> e do <i>x</i>. - Diferenza entre <i>senón</i> e <i>se non</i>. - Formas non persoais do verbo e perífrases verbais. - Curros Enríquez. - Creación de coplas dos Maios. | 1. Ler textos argumentativos e comprender as súas características específicas. | 1.1. Le con fluidez e atención textos argumentativos e coméntaos atendendo ás súas características propias. | CCL, CD, CAA |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa xustiza e as leis. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da xustiza e as leis. | CCL, CSC |
| | 3. Escribir correctamente palabras con <i>s</i> e con <i>x</i> e diferenciar entre <i>senón</i> e <i>se non</i> . | 3.1. Escribe correctamente palabras con <i>s</i> e con <i>x</i> . 3.2. Diferencia e usa correctamente o par homófono <i>senón/se non</i> . | CCL |
| | 4. Identificar e utilizar correctamente as formas non persoais dos verbos e as perífrases verbais. | 4.1. Identifica e analiza as formas nominais dos verbos. 4.2. Utiliza correctamente o infinitivo conxugado. 4.3. Identifica e utiliza correctamente as perífrases verbais e sabe clasificalas segundo o valor que acheguen. | CCL |
| | 5. Coñecer a figura de Curros Enríquez e as súas obras máis importantes. | 5.1. Coñece a contribución de Curros Enríquez á cultura e á literatura. 5.2. Analiza e compón coplas dos Maios. | CCL, CCEC |

| | | | |
|--|----------------------------|---|-----------------------------|
| | 6. Crear coplas dos Maios. | 6.1. Analiza e compón coplas dos Maios. | CCL, CD, CAA, CCEC |
|--|----------------------------|---|-----------------------------|

Unidade 10

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler e analizar textos periodísticos.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa ecoloxía.
- Escribir correctamente palabras con *l* e *ll* e con *n* e *ñ*.
- Identificar e clasificar adverbios e locucións adverbiais.
- Recoñecer e corrixir castelanismos.
- Coñecer as principais contribucións de Eduardo Pondal á literatura galega.
- Elaborar unha entrevista.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|---|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto periodístico. - Os textos: o texto periodístico. - Vocabulario relacionado coa ecoloxía. - Uso do <i>l</i> e do <i>ll</i>. - Uso do <i>n</i> e do <i>ñ</i>. - O adverbio e as locucións adverbiais. - Castelanismos. - Eduardo Pondal. - Elaboración dunha entrevista. | 1. Ler, analizar e crear textos periodísticos. | 1.1. Le con fluidez e atención un texto periodístico e coméntao seguindo uns criterios dados. 1.2. Coñece as funcións da prensa e identifica os xéneros periodísticos. 1.3. Elabora unha entrevista, de acordo cunhas pautas dadas. | CCL, CD, CAA |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa ecoloxía. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da ecoloxía. | CCL, CMCT |
| | 3. Escribir correctamente palabras con <i>l</i> e con <i>ll</i> , e palabras con <i>n</i> e con <i>ñ</i> . | 3.1. Escribe correctamente palabras con <i>l</i> e con <i>ll</i> . 3.2. Escribe correctamente palabras con <i>n</i> e con <i>ñ</i> . | CCL |
| | 4. Identificar, clasificar e analizar adverbios e locucións adverbiais. | 4.1. Identifica, clasifica e analiza adverbios e locucións adverbiais. | CCL |
| | 5. Identificar castelanismos e clasificalos en fonéticos, ortográficos, morfosintácticos, léxicos ou semánticos. | 5.1. Recoñece, clasifica e corrixir castelanismos. | CCL |

| | | | |
|--|--|--|--------------|
| | 6. Coñecer as principais contribucións de Eduardo Pondal á literatura e á vida cultural galegas. | 6.1. Coñece as principais contribucións de Eduardo Pondal á literatura galega. | CCL, CCEC |
|--|--|--|--------------|

Unidade 11

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Analizar unha noticia e recoñecer a súa estrutura piramidal.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa prensa.
- Escribir correctamente palabras que conteñen grupos consonánticos e diferenciar por que, porque e porqué.
- Identificar preposicións e locucións preposicionais e utilízalas correctamente.
- Coñecer as variedades da lingua.
- Coñecer e aplicar correctamente as formas verbais dos verbos irregulares.
- Coñecer o panorama da narrativa galega no século XIX e recoñecer algúns dos seus máximos representantes.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|---|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto periodístico. - Os textos: a noticia. - Vocabulario relacionado coa prensa. - Palabras con grupos consonánticos. - <i>Por que, porque e porqué.</i> - Preposicións e locucións preposicionais. - Variedades internas da lingua. - Narrativa do século XIX. - Creación de contos. | 1. Ler e analizar unha noticia. | 1.1. Analiza unha noticia e identifica a súa estrutura. | CCL, CD, CAA |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa prensa. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da prensa. | CCL |
| | 3. Escribir correctamente palabras que conteñen grupos consonánticos e diferenciar o uso de <i>por que, porque e porqué.</i> | 3.1. Utiliza correctamente os grupos consonánticos <i>-cc-</i> e <i>-ct-</i> segundo o contexto no que aparezan. 3.2. Utiliza correctamente os grupos consonánticos <i>bl, pl, cl, fl, gl.</i> 3.3. Diferencia as palabras <i>por que, porque e porqué.</i> | CCL |
| | 4. Identificar as preposicións e locucións preposicionais e recoñecer a súa función. | 4.1. Identifica e utiliza correctamente preposicións e locucións preposicionais e identifica a súa función na frase. 4.2. Analiza unha frase preposicional. | CCL |

| | | | |
|--|--|---|------------------------------|
| | 5. Coñecer as variedades internas da lingua. | 5.1. Coñece as variedades internas da lingua e identifica as variedades diacrónicas, diatópicas, diastráticas e diafásicas. | CCL, CSC |
| | 6. Coñecer o panorama da narrativa no século XIX e saber cales son os principios representativos da novela e do conto. | 6.1. Coñece o panorama da narrativa galega no século XIX e reconece algúns dos seus máximos representantes. | CCL, CCEC |
| | 7. Escribir un conto a partir dunhas pautas dadas. | 7.1. Escribe contos seguindo unhas pautas dadas. | CCL, CAA, CSC, CCEC |

Unidade 12

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Analizar un texto presentado en formato dixital e interpretar tanto a información que proporciona como os recursos que emprega.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado co mundo dixital.
- Escribir correctamente palabras homófonas e parónimas.
- Identificar conxuncións e locucións conxuntivas, clasificalas e reconecer a función que desempeñan.
- Identificar interxeccións e utilízalas adecuadamente segundo a situación comunicativa dada.
- Coñecer a situación do xénero teatral galego no século XIX e identificar algúns autores e obras representativos.
- Crear videopoemas.

| Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--|---|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura: prensa dixital. - Os textos: os xornais dixitais. - Vocabulario relacionado co mundo dixital. - Diferenza entre <i>haber</i> e <i>a ver</i>, e entre <i>hai</i>, <i>aí</i>, <i>ai!</i> - Conxuncións, locucións conxuntivas e interxeccións. - O teatro do século XIX. - Creación de videopoemas. | 1. Ler un xornal dixital, identificar as súas características e coñecer algunhas publicacións. | 1.1. Reconece as características propias da prensa dixital e coñece algunhas publicacións. | CCL, CD, CAA |
| | 2. Ampliar o vocabulario básico relacionado co mundo dixital. | 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico do universo dixital. | CCL, CD |
| | 3. Diferenciar o uso de <i>haber</i> e <i>a ver</i> , e de <i>hai</i> , <i>aí</i> , <i>ai!</i> | 3.1. Entende e aplica a diferenza entre <i>haber</i> e <i>a ver</i> , e entre <i>hai</i> , <i>aí</i> e <i>ai!</i> | CCL |

| | | | |
|--|--|--|-----------------------------|
| | 4. Identificar as conxuncións e as locucións conxuntivas, e recoñecer as conxuncións. | 4.1. Identifica e clasifica conxuncións e locucións conxuntivas segundo a función que desempeñen dentro da frase ou da oración. 4.2. Recoñece e utiliza interxeccións segundo a situación comunicativa. | CCL |
| | 5. Coñecer o panorama do teatro galego no século XIX e identificar algúns dos seus autores e obras máis representativos. | 5.1. Coñece a situación do xénero teatral galego no século XIX e identifica algúns autores e obras representativos. | CCL, CCEC |
| | 6. Crear videopoemas. | 6.1. Crea videopoemas a partir dunhas ideas e pautas dadas. | CCL, CD, CAA, CCEC |

Contidos mínimos esixibles 3ºESO

- Comprender de maneira global un texto, oral ou escrito, e realizar o seu comentario.
- Identificar e clasificar un texto.
- Comentar un texto seguindo uns criterios dados.
- Analizar textos de diferentes tipos: a noticia, a entrevista e textos en formato dixital.
- Coñecer a orixe do galego. Diferenciar os elementos da formación da lingua: substrato e superestrato.
- Diferenciar as palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Coñecer a literatura popular. Clasificación de textos en prosa e en verso.
- Identificar e comentar as cantiga de amor, as cantiga de amigo e as cantiga de escarnio e maldicir.
- Coñecer os xéneros menores. Diferenciar e analizar as cantigas de Santa María.
- Coñecer a situación da literatura galega nos chamados «Séculos Escuros». Valorar o labor dos Ilustrados.
- Identificar os Precusores. Coñecer a etapa do Rexurdimento. Coñecer as aportacións dos tres grandes autores: Rosalía de Castro. Curros Enríquez e Eduardo Pondal.
- Coñecer a situación do teatro e a narrativa galegos no XIX.
- Utilizar correctamente as regras de acentuación. Til diacrítico.
- Empregar correctamente os signos de puntuación.
- Aplicar as normas ortográficas: *b* e *v*, *h*, *l-ll*, *n-ñ*, *s-x*, os grupos consonánticos.
- Identificar os contituíntes na estrutura da palabra e familias léxicas.
- Coñecer e aplicar as normas morfolóxicas das distintas categorías gramaticais: o substantivo (xénero e número, o adxectivo (graos), os determinantes, os pronomes persoais (tónicos/átonos, colocación), o verbo (estrutura, conxugación, as formas nominais, infinitivo conxugado e as perífrases verbais), o adverbio e locucións adverbiais, as preposicións e locucións preposicionais, as conxuncións e locucións conxuntivas e as interxeccións.
- Entender e diferenciar os conceptos de *bilingüismo*, *diglosia* e *normalización lingüística*.
- Coñecer e valorar a diversidade lingüística da Península Ibérica.

- Identificar e clasificar os castelanismos.
- Coñecer e aplicar correctamente os procedementos de redución de palabras (as siglas e acrónimos de uso frecuente).
- Identificar, clasificar e analizar a orixe de determinados topónimos e relacionalos cos seus xentilicios.

4ºESO

Obxectivos

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
8. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
16. Recoñecer e usar a fonética do galego.
17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.
22. Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
23. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
24. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.

25. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
26. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
27. Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
28. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
29. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
30. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

Contidos

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

Escoitar

- B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.
- B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.
- B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).
- B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.
- B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.

Falar

- B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- B1.8. Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.
- B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.
- B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.
- B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
- B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.
- B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

Ler

- B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.

- B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.
- B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos.
- B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
- B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.
- B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.

Escribir

- B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
- B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
- B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.
- B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos xornalísticos de opinión.
- B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.
- B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.
- B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.
- B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o *n* velar ou a entoación).
- B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestión de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.
- B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.
- B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.
- B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.
- B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.
- B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.
- B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.
- B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
- B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.
- B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- B4.8. Prexuízos lingüísticos.
- B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

Bloque 5. Educación literaria

- B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
- B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, vinculación coas competencias, temporalización e grao mínimo de consecución.

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

- B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.
 - LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.
 - LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea

principal e as secundarias.

LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.

B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.

LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.

LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).

LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.

B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).

LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.

LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.

B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.

B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.

LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.

LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.

B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.

LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.

LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.

B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, *n* velar e fonema fricativo palatal xordo).

LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.

LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

B1.8. Manifestar unha actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.

LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.

LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.

B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.

LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.

LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.

LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.

LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.

LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.

B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.

LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonéticos e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.

B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.

LGB1.11.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.

B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.

LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.

B1.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

LGB1.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.

LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).

LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.

LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.

LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.

LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.

B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.

LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.

LGB2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral, administrativo e comercial.

B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.

LGB2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.

LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.

B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.

LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.

LGB2.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.

B2.5. Comprender e interpretar textos xornalísticos de opinión: editorial, columna, artigo de opinión...

LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión.

LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.

B2.6. Comprender e interpretar as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.

LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).

LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.

B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación, con especial atención á publicidade.

B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.

LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.

LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.

B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).

LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.

LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.

LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.

LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.

B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos,

dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.

LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas, etc.

LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.

B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos, tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.

LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral, administrativo e comercial.

B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos de opinión.

LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos de opinión.

B2.13. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.

LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.

B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.

LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.

LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.

LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.

B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.

LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.

B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.

- LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.
 - LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.
 - LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.
 - LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.
- B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao *n* velar.
- B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.
- LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.
- B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.
 - LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
- LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
- B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polos verbos.
- LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.
 - LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.
 - LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.
 - LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.
 - LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.
- B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
- LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
- B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.
- LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.
 - LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.
 - LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.
 - LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os

mecanismos de progresión temática.

B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.

LGB.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias.

LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.

B3.12. Xustificar a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elaborar producións propias cunha adecuación apropiada.

LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.

LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.

B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

Bloque 4. Lingua e sociedade

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século xxi.

LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.

LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.

LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século xxi.

- LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da Rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).
- B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.
- LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.
- LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.
- LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.
- LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.
- LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.
- B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.
- LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.
- LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
- LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.
- B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.
- LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
- LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.
- LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.
- LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.
- LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.
- B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.

B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.

LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.

B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.

LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.

LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.

LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.

LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.

LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.

Bloque 5. Educación literaria

B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.

B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.

LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos

seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.

B5.4. Elaborar traballos individuais ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.4.1. Elabora traballos individual ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.

LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

Descróbiremos o grao de consecución dun estándar avaliable de aprendizaxe de maneira porcentual.

| | |
|--|------------------|
| Menor que 30% | INSATISFACTORIO. |
| Maior ou igual que 30% e menor que 50% | EN PROCESO |
| Maior ou igual que 50% e menor que 70% | SATISFACTORIO |
| Maior ou igual que 70% e menor ou igual que 100% | EXCELENTE. |

1ª Avaliación. Temporalización: setembro-novembro.**Unidade 1****OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Ler, comprender e analizar textos narrativos.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas formas de ser.
- Aplicar correctamente as regras de acentuación.
- Coñecer o sistema fonolóxico e a fonética do galego, con especial atención ás vogais.
- Coñecer e describir os acontecementos máis relevantes da historia social da lingua galega no primeiro terzo do século xx.
- Coñecer o panorama literario a comezos do século xx, así como a obra dos principais autores.
- Crear un traballo monográfico, en soporte impreso ou dixital, seguindo uns pasos dados.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|------------------------------|
| LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL |
| LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo. | CCL CAA |
| LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo. | CCL CAA |
| LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario. | CCL CD |
| LGB3.6.1. Aplica correctamente as regras de acentuación nos seus escritos. | CCL CAA |
| LGB3.4.1 Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación e ás vogais de grao medio. | CCL CAA |
| LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega no primeiro terzo do século xx. | CCL, CCEC |
| LGB4.4.3. Analiza a situación da lingua galega no primeiro terzo do século xx. LGLB5.1.2. Comprende e explica as etapas na produción literaria en galego nos comezos do século xx e coñece a obra dos principais autores. | CCL, CCEC CCL, CCEC |

| | |
|---|------------------------|
| LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx. | CCL, CCEC |
| LGLB5.2.3. Comenta de forma guiada textos poéticos representativos da literatura galega de comezos do século xx. | CCL, CCEC, CAA |
| LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación. | CCL |
| LGB2.10.2. Usa as TIC para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos. | CCL, CD |
| LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | CCL, CCEC, CSIEE |

Unidade 2

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos narrativos.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado co tempo cronolóxico.
- Identificar o xénero dos nomes, formar o feminino e establecer a correcta concordancia co adxectivo.
- Coñecer o sistema fonolóxico e a fonética do galego, con especial atención ás consoantes.
- Coñecer as variedades internas da lingua e identificar os trazos que diferencian as distintas zonas dialectais.
- Coñecer e valorar as achegas do Grupo Nós e dos seus principais representantes á cultura galega e, en concreto, ao ámbito literario.
- Elaborar o comentario crítico dun texto seguindo uns pasos dados.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--------------------|
| LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | CCL CD |
| LGB2.1.2. Aplica os coñecementos léxicos propios e recursos alleos (dicionario) para solucionar problemas de comprensión. | CCL CAA |

| | |
|--|------------------------|
| LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais, sobre o tempo cronolóxico. | CCL CAA |
| LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas morfolóxicas de formación do feminino e de concordancia de xénero. | CCL CAA |
| LGB3.4.1 Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención ás consoantes e, en concreto, ao n velar. | CCL CAA |
| LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. | CCL CSC |
| LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural. | CCL CSC |
| LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente a relevancia do Grupo Nós no panorama literario galego e sinala os principais trazos característicos da obra de Risco e Otero Pedrayo. | CCL, CCEC |
| LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos de autores do Grupo Nós, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época. | CCL, CCEC, CAA |
| LGLB5.6.1. Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | CCL, CCEC, CSIEE |

Unidade 3

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos narrativos.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado co medo.
- Identificar o número dos nomes e adxectivos, formar o plural e establecer a correcta concordancia.
- Diferenciar entre frase e oración, recoñecer a estrutura sintáctica da frase e identificar os tipos de frases que hai.
- Coñecer e identificar as variedades socioculturais da lingua.
- Coñecer e valorar as achegas de Castelao á cultura galega e, en concreto, ao ámbito literario.
- Crear microrrelatos seguindo uns pasos e uns modelos dados.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---------------------------|
| LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral. | CCL CD |
| LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL |
| LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. | CCL CAA |
| LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto. | CCL CAA |
| LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da información obtida na Rede. | CCL, CD, CAA |
| LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais. | CCL CAA |
| LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas morfolóxicas de formación do plural e de concordancia de número, así como as regras de acentuación. | CCL CAA |
| LGB3.8.1. Recoñece frases e identifica a palabra nuclear que a organiza sintáctica e semanticamente. | CCL CAA |
| LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas da lingua galega. | CCL CSC |
| LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente a contribución de Castelao á literatura e, en xeral, á cultura galega, e recoñece as principais características tanto da súa obra como do seu pensamento. | CCL CCEC |
| LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de Castelao, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época do Grupo Nós | CCL, CCEC, CAA |

Unidade 4

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos narrativos.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coa arquitectura e o urbanismo.
- Escribir correctamente palabras con *b* e con *v*.
- Recoñecer e diferenciar o suxeito e o predicado.
- Clasificar oracións segundo a natureza do predicado e o significado.
- Coñecer as variedades diafásicas da lingua e identificar a variedade estándar.
- Coñecer a literatura de vangarda en Galicia: principais escolas poéticas e autores máis relevantes.
- Crear caligramas seguindo uns pasos e uns modelos dados.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--------------------|
| LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral. | CCL CD |
| LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL |
| LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais. | CCL CAA |
| LGB3.6.1. Escribe correctamente palabras con <i>b</i> e con <i>v</i> . | CCL |
| LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións. | CCL |
| LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado e o significado. | CCL |
| LGB3.8.5. Utiliza a terminoloxía sintáctica correcta. | CCL |
| LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. | CCL |
| LGB4.7.5. Recoñece as variedades diafásicas da lingua galega. | CCL CCEC |
| LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos movementos de vangarda, sinalando os seus principais trazos característicos. | CCL CCEC |
| LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos poéticos representativos da literatura de vangarda. | CCL |

| | |
|---|-----|
| LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, un poema de Manuel Antonio e sinala os seus trazos vangardistas característicos. | CAA |
| LGLB5.2.4. Compara dous poemas vangardistas, atendendo ao seu contido e as seus trazos definitorios. | CAA |

2ª Avaliación. Temporalización: decembro-febreiro.

Unidade 5

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos prescritivos.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado co tempo meteorolóxico.
- Identificar pronomes persoais, substituír frases nominais polo pronome correspondente e colocar axeitadamente o pronome átono
- Identificar o CD, o CI e o CC e coñecer as unidades que desempeñan esas funcións.
- Coñecer o panorama social e político dos anos da posguerra para entender o proceso de desgaleguización.
- Coñecer os autores máis representativos da literatura do exilio, así como as súas obras máis importantes.
- Crear currículos, en formato impreso ou dixital, seguindo uns pasos e uns modelos dados.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--------------------|
| LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. | CCL |
| LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | CCL CAA |
| LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido: o esquema. | CCL CAA |
| LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais | CCL CAA |
| LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario. | CCL CD |
| LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas de uso dos | CCL |

| | |
|---|----------------------|
| pronomes persoais. | |
| LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | CCL |
| LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. | CCL |
| LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega nos anos de posguerra. | CCL CCEC |
| LGLB5.2.2. Le autonomamente textos representativos da literatura galega de posguerra no exilio, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época. | CCL, CCEC, CAA |
| LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, un texto de Blanco Amor e sinala os seus trazos característicos. | CCL, CCEC, CAA |

Unidade 6

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar artigos de opinión.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas viaxes e o turismo.
- Utilizar correctamente o *h*.
- Identificar o suplemento, o complemento axente, o atributo e o predicativo, e coñecer as unidades que desempeñan esas funcións.
- Coñecer os acontecementos máis importantes no desenvolvemento do galego desde 1975 ata fins do século xx.
- Coñecer e valorar a obra narrativa de Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole.
- Crear un blog seguindo uns modelos dados e tendo en conta certas indicacións.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--------------------|
| LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación. | CCL CAA |
| LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación. | CCL CAA CD |
| LGB1.13.1. Identifica os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para | CCL, CSC, |

| | |
|---|----------------------|
| relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | CSIEE, CAA |
| LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: artigo de opinión, columna e editorial. | CCL CSC |
| LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, un artigo de opinión. | CCL CD |
| LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas referidas ao uso do <i>h</i> . | CCL CAA |
| LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | CCL CAA |
| LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega. | CCL CSC |
| LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. | CCL CSC |
| LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega entre os anos cincuenta e setenta do século pasado, así como os principais autores e obras. | CCL, CCEC |
| LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos de Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico dos anos cincuenta. | CCL, CCEC, CAA |

Unidade 7

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos xornalísticos de opinión.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coa xustiza e as leis.
- Analizar morfoloxicamente e conxugar verbos.
- Diferenciar unha oración simple dunha oración composta.
- Recoñecer as diferentes clases de oracións compostas.
- Saber que é a lusofonía e que ámbito xeográfico abarca.
- Coñecer e valorar a obra narrativa de Neira Vilas e dalgúns autores representativos da Nova Narrativa Galega.
- Crear unha instancia seguindo uns modelos dados e tendo en conta certas indicacións.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|----------------------|
| LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. | CCL CAA |
| LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión. | CCL CSC |
| LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. | CCL |
| LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa nexos textuais, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | CCL |
| LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida. | CCL |
| LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos. | CCL |
| LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | CCL |
| LGB3.8.4. Clasifica oracións. | CCL |
| LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século xxi. | CCL, CSC, CCEC |
| LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos de narradores dos anos sesenta, resume o seu contido e sinala os seus trazos característicos definitorios. | CCL, CCEC, CAA |

Unidade 8

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Analizar mensaxes publicitarias.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado co ocio.
- Utilizar correctamente certas terminacións: *-nte/-mento; -za/-cia, -zo/-cio, -zón/-ción.*

- Recoñecer as diferentes clases de oracións compostas subordinadas.
- Analizar oracións subordinadas substantivas.
- Identificar os prexuízos lingüísticos e argumentar acerca de como afectan ao proceso normalizador da lingua.
- Coñecer e valorar os principais representantes da poesía galega de posguerra, así como as súas obras máis importantes.
- Coñecer as características dos folletos, os dípticos e os trípticos e crear un tríptico de acordo cunhas pautas dadas.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--------------------|
| LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL |
| LGB1.11.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | CCL CSC |
| LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). | CCL CSC |
| LGB2.7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | CCL CSC |
| LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios. | CCL CD |
| LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. | CCL |
| LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas relativas ao uso de certos sufixos deverbais. | CCL CAA |
| LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | CCL |
| LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. | CCL CSC |

| | |
|---|--------------------|
| LGLB5.1.1. Identifica as xeracións poéticas de posguerra, así como os seus autores e obras máis representativos. | CCL CCEC |
| LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos poéticos das xeracións de posguerra (anos cincuenta) e sinala os seus trazos característicos. | CCL CCEC CAA |

3ª Avaliación. Temporalización: marzo-xuño.

Unidade 9

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar un guión cinematográfico.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado co cine.
- Utilizar correctamente o infinitivo conxugado.
- Identificar e analizar oracións subordinadas adxectivas.
- Coñecer o estado do galego na actualidade, no referente ao seu uso e á competencia dos falantes.
- Coñecer e valorar algúns poetas representativos da Xeración das Festas Minervais, así como algunhas das súas obras máis destacadas.
- Crear haikus seguindo uns modelos dados e tendo en conta as características que os definen.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--------------------|
| LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | CCL CSIEE |
| LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais. | CCL CAA |
| LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais da lingua galega. | CCL |
| LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso | CCL |

| | |
|--|----------------------|
| e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario. | |
| LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | CCL |
| LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. | CCL CSC |
| LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos. | CCL CSC |
| LGLB5.1.1. Identifica as xeracións poéticas de posguerra, así como os seus autores e obras máis representativos, e coñece o desenvolvemento do teatro entre os anos cincuenta e setenta. | CCL CCEC |
| LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos poéticos de autores da Xeración das Festas Minervais e sinala os seus trazos característicos. | CCL, CCEC, CAA |
| LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período atendendo aos seus principais contidos. | CCL, CCEC, CAA |

Unidade 10

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar un guión televisivo.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coa radio e a televisión.
- Identificar e utilizar correctamente as perífrases verbais.
- Recoñecer e analizar oracións subordinadas adverbiais.
- Valorar a importancia dos medios de comunicación na normalización da lingua.
- Coñecer e valorar algúns autores e autoras da narrativa actual, así como analizar textos representativos.
- Crear unha curtametraxe a partir dun guión e seguindo unhas pautas dadas.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--------------------|
| LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL |

| | |
|--|----------------------|
| LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido: resumos e cadros. | CCL CAA |
| LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. | CCL |
| LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en secuencias. | CCL |
| LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. | CCL CAA |
| LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega de prefixos habituais no uso da lingua galega. | CCL CCL |
| LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos. | |
| LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. | CCL |
| LGB3.8.5. Utiliza a terminoloxía sintáctica correcta. | CCL |
| LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia. | CCL CSC |
| LGLB5.1.1. Identifica os autores e autoras máis representativos do panorama narrativo actual. | CCL CCEC |
| LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos da narrativa actual. | CCL, CCEC, CAA |

Unidade 11

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos literarios e non literarios.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas novas tecnoloxías.
- Identificar e utilizar correctamente os adverbios e as preposicións.
- Recoñecer as principais relacións semánticas entre palabras.
- Valorar a importancia de Internet na normalización do galego.
- Coñecer e valorar algúns autores e autoras da poesía e do teatro actuais, así como analizar textos representativos.
- Crear unha presentación multimedia seguindo unhas pautas dadas.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|----------------------|
| LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral. | CCL CD |
| LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos e esquemas). | CCL CAA |
| LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso. | CCL CAA |
| LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado. | CCL |
| LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais. | CCL CAA |
| LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | CCL CAA |
| LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | CCL |
| LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia. | CCL CSC |
| LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en soporte dixital. | CCL CD |
| LGLB5.1.1. Identifica os autores e autoras máis representativos da poesía e do teatro actuais. | CCL, CCEC |
| LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, un texto poético ou teatral actual, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co período literario correspondente. | CCL, CCEC, CAA |

Unidade 12

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos literarios e non literarios.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas redes sociais.
- Utilizar correctamente os grupos consonánticos *-cc-* e *-ct-*.
- Recoñecer as causas dos cambios semánticos, distinguir os diferentes tipos de cambios semánticos e identificar os principais recursos empregados.

- Analizar o uso do galego en diferentes ámbitos sociais.
- Coñecer e valorar os novos modos de creación literaria que achega a tecnoloxía dixital.

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--------------------|
| LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral. | CCL CD |
| LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. | CCL CAA |
| B3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión doutras. | CCL CAA |
| LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas da lingua galega. | CCL |
| LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos. | CCL |
| LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. | CCL CSC |
| LGB4.2.3. Analiza gráficas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos. | CCL, CSC, CD |
| LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes. | CCL CD |
| LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e dramatizadamente textos de distintos xéneros da literatura galega actual en soporte dixital. | CCL CD |
| LGLB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos. | CCL CD |

Mínimos esixibles 4º ESO

- Ler, comprender e analizar textos narrativos, prescritivos, artigos de opinión, mensaxes publicitarias, guións cinematográficos, guións televisivos, textos literarios, redes sociais.
- Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado con formasde ser, tempo cronolóxico,medo, arquitectura e urbanismo, viaxes e turismo, xustiza e leis, ocio, cine, radio, televisión e novas tecnoloxías.
- Coñecer o sistema fonolóxico e a fonética do galego.
- Aplicar correctamente as regras de acentuación. Uso correcto das regras ortográficas: b-v, h, cc-ct, nte/mento, za/cia, zo/cio.
- Emprega correctamente as normas morfolóxicas do substantivo, adxectivo, pronomes persoais, verbos e perífrases verbais.
- Coñecer as relacións semánticas e cambios semánticos.
- Coñecer as variedades internas da lingua e identificar os trazos que diferencian as distintas zonas dialectais. Lingua estándar.
- Coñecer a situación actual da lingua galega .Lusofonía. Prexuízos lingüísticos.
- Influencia dos medios de comunicación e a lingua. O uso do galego nos distintos ámbitos.
- Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.
- Diferenciar unha oración simple dunha oración composta.
- Recoñecer e analizar as diferentes clases de oracións compostas.
- Utilizar terminoloxía sintáctica correcta.
- Coñecer e describir os acontecementos máis relevantes da historia social da lingua durante o século XX.
- Coñecer o panorama literario a comezos do século XX. Noriega Varela. Cabanillas.
- Coñecer e valorar as achegas do Grupo Nós e dos seus principais representantes á cultura galega e, en concreto, ao ámbito literario.
- Coñecer e valorar as achegas de Castelao á cultura galega e, en concreto, ao ámbito literario.
- Coñecer a literatura de vangarda en Galicia: principais escolas poéticas e autores máis relevantes.
- Coñecer o panorama social e político dos anos da posguerra para entender o proceso de desgaleguización.Coñecer a literatura do exilio e os autores relevantes.
- Coñecer os acontecementos máis importantes no desenvolvemento do galego desde 1975 ata fins do século xx.
- Coñecer e valorar a obra narrativa de Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole.
- Coñecer e valorar a obra narrativa de Neira Vilas e dalgúns autores representativos da Nova Narrativa Galega.
- Coñecer e valorar os principais representantes da poesía galega de posguerra, así como as súas obras máis importantes. Xeración das Festas Minervais.
- Ler autonomamente obras ou textos representativos da literatura galegado s.XX ou actual, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
- Crear un traballo monográfico seguindo unhas pautas.
- Elaborar un comentario crítico dun texto literario do século XX.
- Crear microrrelatos, caligramas, haikus.
- Saber elaborar un currículo, unha instancia, un folleto.

Metodoloxía

Para a consecución dos obxectivos da etapa requírese unha metodoloxía fundamentada nalgúns principios básicos da aprendizaxe que cada profesor/a adaptará en función das características do grupo e do seu propio estilo de docencia.

A metodoloxía será esencialmente práctica para acadar os estándares de aprendizaxe relacionados cos distintos contidos:

- Traballaremos **textos de lectura** relacionados cos contidos da unidade. Serán fragmentos atractivos, con calidade literaria e motivadores. Estes textos servirán de punto de partida para a realización dunha ampla variedade de actividades: comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita e actividades de ortografía, léxico, morfosintaxe...En 3º e 4º ESO realizaranse xa comentarios literarios, nos que o alumnado demostre a súa comprensión e relacione época, movemento literario e autor. En certas actividades os alumnos-as necesitarán buscar, seleccionar e tratar información da biblioteca ou das TIC.
- Practicaremos a **tipoloxía textual**. Tomando como punto de partida un variado abano de textos, o alumnado creará os seus propios textos de acordo coas pautas que se lles dan. Insistiremos na ordenación das ideas e na expresión correcta, clara e ordenada.
- O estudo e ampliación do **léxico** ten un lugar importante, por iso realizaremos actividades atractivas para traballar os distintos campos semánticos das unidades.
- A reflexión metalingüística é importante na etapa da ESO sempre que se aborde dende unha perspectiva instrumental. Traballaremos os **contidos gramaticais** con actividades sobre textos, para que a materia non resulte árida.
- Traballaremos tamén contidos de carácter **sociolingüístico**: historia da lingua, variedades lingüísticas...Fomentaremos a participación e a reflexión, tanto individual como grupal.
- En todas as unidades trataremos **cuestións ortográficas, de puntuación, e das propiedades textuais** (adequación, coherencia e cohesión). Para o traballo destes contidos empregaremos textos xornalísticos de actualidade, textos de instrucións...Procuraremos que o alumno-a se acostume a autocorrixirse utilizando diferentes fontes de información.
- Empregaremos textos de distintos tipos para desenvolver as competencias básicas do alumnado.
- Un recurso metodolóxico que pode facer máis doado o intercambio de experiencias e a cooperación entre alumnos/as é a **aprendizaxe colaborativa**, que constitúe non só un medio, senón un fin en si mesmo nunha sociedade cooperativa. Porén, para asegurar o éxito do traballo en grupo previamente hai que seleccionar con coidado a actividade e o momento máis apropiado para desenvolvela, definir claramente os obxectivos que se pretenden e o procedemento para realizala, establecer de xeito flexible a composición dos grupos e explicitar como e cando rematará a tarefa.
- Hai que facer fincapé nun aspecto moi importante, o carácter multidisciplinar da materia de Lingua galega e literatura. Os avances que o alumnado realice ó longo da etapa en tódalas materias son á vez efecto e causa do progreso no seu dominio da linguaxe; por outra banda, as deficiencias na comprensión e expresión lingüísticas adoitan desembocar en situacións de fracaso escolar. É primordial, por tanto, que todo o profesorado se implique no logro dos obxectivos básicos da área

de Lingua galega e literatura, o que redundará nunha mellora das condicións de aprendizaxe nas súas materias.

Neste curso académico 2021/22 ante a posibilidade de termos que alternar períodos de docencia presencial, semipresencial e non presencial, empregaremos preferentemente os recursos dixitais que a administración nos facilita (aula virtual...) sempre tendo en conta ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital.

Materiais e recursos didácticos

Os libros de texto que empregaremos serán:

| TÍTULO | AUTOR | EDITORIAL | ANO | ISBN |
|----------------------------------|--|-----------|------|-------------------|
| Lingua Galega e Literatura ESO 1 | Cristina Montes Posadas Miguel Barros Taboada | Anaya | 2015 | 978-84-678-5179-3 |
| Lingua Galega e Literatura ESO 2 | Celia Díaz Núñez Mercedes Seixo Pastor | Anaya | 2016 | 978-84-698-1048-4 |
| Lingua Galega e Literatura ESO 3 | Celia Díaz Núñez Mercedes Seixo Pastor | Anaya | 2015 | 978-84-678-5332-2 |
| Lingua Galega e Literatura ESO 4 | Celia Díaz Núñez Mercedes Seixo Pastor | Anaya | 2016 | 978-84-698-1251-8 |

Materiais complementarios: prensa, discografía de textos literarios, libros de consulta (dicionarios, enciclopedias....), mapas dialectais...

O libro dixital. A páxina web do centro.

Gravadora de son para rexistrar producións orais do alumnado e software para a súa edición, reprodutores de vídeo e audio, emprego de proxectores na aula para presentacións Impress ou Powerpoint.

Os cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

Os cadernos de carácter didáctico monográficos (Deseño de rúbricas e Avaliación externa) e de estratexias metodolóxicas (Portfolio e Aprendizaxe cooperativa).

Os recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica, que recollen lecturas complementarias; actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.

Recursos TIC: relacionados directamente coa lingua galega: correctores, tradutores, dicionarios, vocabularios, métodos de autoaprendizaxe da lingua, páxinas web de prensa en lingua galega, de radio e televisión en galego. Pero vai ser **a aula virtual do centro o recurso principal** para subir contidos e realizar actividades, garantindo así a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua en caso de ensino semipresencial ou non presencial.

Para o contacto co alumnado e as familias empregaremos Abalar, Cisco, correo electrónico e teléfono.

Avaliación

Avaliación inicial. Procedementos.

Normalmente a finais de setembro ou principios de outubro realizamos a avaliación inicial. Este proceso comprenderá as seguintes accións:

- Análise dos informes individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como a súa correspondencia coa falta de desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación.
- Tamén, por medio dunha enquisa, imos saber se todo o alumnado dispón de equipos informáticos e conexión a Internet.

Cómprenos avaliar a expresión oral, escrita, a comprensión de textos e os coñecementos adquiridos en cursos anteriores (tipoloxía textual, morfoloxía, léxico, sintaxe...).

A expresión oral avaliáremola partindo da observación das participacións na clase e as lecturas realizadas nestes primeiros días.

O resto dos contidos avaliáremolos cunha proba escrita que constará dun texto (máis ou menos sinxelo, dependendo do nivel) e unha serie de exercicios de comprensión, comentario, ortografía, morfoloxía, sintaxe e léxico). Na proba xa se lles indicará aos alumnos os criterios de corrección e puntuación.

Esta avaliación serviranos para saber o tipo de alumnado do grupo e ademais para detectar se hai alumnos con necesidades educativas especiais.

Avaliación trimestral. Procedementos.

Faremos unha avaliación a través dos seguintes elementos:

1. Expresión.

- Expresión oral precisa e coherente, articulada e nítida. Utilización do ton axeitado á intención comunicativa; interpretación correcta dos signos de puntuación ó realizar exercicios de lectura oral.
- Utilización dos recursos verbais e non verbais e dos rexistros lingüísticos axeitados.
- Elaboración correcta do discurso escrito dende o punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico; utilización de léxico axeitado, variado e flexible; utilización adecuada dos signos de puntuación e das normas ortográficas.

2. Comprensión.

- Comprensión do contido de textos orais e escritos; distinción, ordenación e xerarquización das ideas.
- Análise e comentario de recursos expresivos e recursos estilísticos.

3. Estratexias de aprendizaxe.

- Realización de subliñados, resumos, sínteses, esquemas, guións e outras actividades e técnicas de traballo intelectual.
- Utilización apropiada de fontes de información (dicionarios, manuais, libro de texto, bibliografía); adquisición de técnicas de busca de información na biblioteca e na rede.
- Elaboración de apuntamentos ordenados, comprensibles e aproveitables.
- Adquisición e utilización de técnicas de razoamento: indución, dedución, analoxía e comparación, contrastación e diferenciación, redución ó absurdo, etc; memorización de conceptos fundamentais; transferencia e aplicación do aprendido.

4. Actitudes

- Interese, participación e traballo persoal e en grupo. Tolerancia, solidariedade e colaboración cos demais; respecto da opinión allea.
- Participación activa en tarefas de avaliación e autoavaliación.
- Reflexión crítica sobre a realidade e a propia actuación. Adquisición de responsabilidade, madurez e autenticidade, tanto dende o punto de vista individual como social.
- Receptividade e interese cara ás actividades relacionadas cos temas transversais.
- Sensibilidade cara ós textos literarios e as manifestacións artísticas.
- Valoración e emprego da lingua galega para comunicarse en todos os ámbitos.

5. Hábito de traballo

- Asistencia regular e puntual a clase (ensino presencial).
- Esfuerzo sistemático dentro e fóra da clase. Práctica do hábito de estudo e realización de tarefas. Interese polo traballo ben feito. Presentación puntual, pulcra e correcta de traballos e exercicios.
- Asistencia ós exames e probas de avaliación.
- Realización das lecturas que se esixen, nos prazos fixados. En todos os niveis facilitaremos ao alumnado unha selección de obras entre as que poidan seleccionar unha por trimestre. Cada alumno realizará un traballo, seguindo o guión que lle facilitará o profesor, ou unha proba de comprobación de lectura que suporán o 10% da nota.

Avaliación final

A nota numérica da avaliación final será unha media das puntuacións das avaliacións trimestrais, así como da consecución de obxectivos e adquisición das competencias básicas e das evidencias dos estándares de aprendizaxe.

Cada profesor poderá realizar as probas de recuperación que xulgue oportunas. En caso de ensino non presencial valoraremos as tarefas realizadas.

Avaliación extraordinaria

A finais de xuño (con data posterior ao 23 de xuño) celebraranse as probas extraordinarias para que o alumnado que non acadou unha avaliación positiva poida aprobar a materia.

Esta proba será común para todos os alumnos do mesmo nivel e basearase nos contidos mínimos esixidos presentes nesta programación. Para acadar unha avaliación positiva na proba extraordinaria, é necesario obter no exame unha nota igual ou superior a 5.

En caso de non poder realizarmos esta proba presencial o alumnado terá que entregar ben feitas as tarefas que o departamento elabore para a recuperación da materia.

Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación van ser variados xa que como indicamos nos procedementos de avaliación hai que ter en conta moitos aspectos para comprobar:

- Probas orais: exposicións, lectura en voz alta, recitado de poemas, participación en debates.
- Probas escritas: cada profesor decidirá, dependendo das características do grupo e da complexidade dos contidos traballados, o número de probas escritas por trimestre. Normalmente será unha proba escrita por cada unidade didáctica. En caso de ensino non presencial o alumnado terá que ser avaliado polas tarefas que terá que ir enviando.

- Traballos de investigación individuais ou en grupo, textos creativos, comentarios de texto, traballo diario, caderno do alumno, redaccións...
- Probas e traballos sobre lecturas.

Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado en cada avaliación obtérase da media aritmética das cualificacións nas catro unidades didácticas do trimestre. Para avaliar os estándares de aprendizaxe empregaranse distintos instrumentos:

Ensino presencial

| Instrumentos de avaliación | 1º,2ºESO | 3º,4ºESO |
|--|----------|----------|
| Probas orais e escritas teórico-prácticas | 60% | 70% |
| Observación da actividade didáctica diaria, traballo na aula, actitude cara á materia, elaboración de redaccións, comentarios de texto, traballos individuais ou en grupo e caderno completo e correcto. | 30% | 20% |
| Probas de comprensión lectora ou traballos sobre obras literarias. | 10% | 10% |

Ensino non presencial

| Instrumentos de avaliación | 1º, 2º, 3º e 4º ESO |
|--|---------------------|
| Actividades e traballos que figurarán na aula virtual do centro. | 80% |
| Traballos sobre libros de lectura | 20% |

Criterios de corrección e puntuación

En cada instrumento de avaliación débese indicar a valoración de cada parte e os criterios de corrección empregados.

O departamento de Lingua galega de acordo co de Lingua Castelá decidimos penalizar as faltas ortográficas e de acentuación na cualificación das probas e traballos escritos:

- En 1º e 2º de ESO descontaremos 0,1 por cada falta de ortografía ou de acentuación (en caso de ser moi grave 0,2), ata un máximo de 1 punto.
- En 3º e 4º ESO descontaremos 0,1 por cada falta ortográfica ou de acentuación (en caso de ser moi grave 0,2), ata un máximo de 2 puntos.
- Descontaremos 1 punto global por non respectar as propiedades textuais de adecuación e cohesión (puntuación, expresión ...)

A avaliación apróbese cun 5 de nota media. Cualificarase de 1 a 10 sen decimais: ata 0.5 o redondeo será cara á nota inferior; a partir de 0.6 porase a nota superior.

A nota global poderá ser incrementada en +0,5 puntos pola realización de actividades e traballos voluntarios, lectura de obras literarias opcionais e pola participación activa en actividades complementarias ligadas á lingua galega (revista escolar, concursos literarios...)

Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspensa (e nese caso terá unha cualificación de 0 puntos) se hai constancia de que o alumno/a copiou, permitiu que outros/as copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados (propios ou alleos) mediante procedementos deshonestos. O profesor/a tamén poderá rexeitar un exame ou exercicio se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible; neste caso quedará ó seu criterio a repetición da proba ou a súa substitución por unha proba oral. Para aprobar a avaliación hai que obter unha nota mínima de 5 e en ningunha das probas se pode ter unha nota inferior a 3,5.

O alumnado que sexa avaliado negativamente nunha das avaliacións terá dereito a unha proba de recuperación ao remate de cada avaliación.

Aqueles alumnos/as que no superen a materia a principios de xuño terán unha proba extraordinaria a finais de xuño (con data posterior ao 23 de xuño) sobre os contidos mínimos do nivel no que están.

No caso de ensino non presencial as probas de recuperación serán substituídas por actividades de reforzo que o alumno deberá realizar correctamente para conseguir avaliación positiva.

Medidas de atención á diversidade

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (*Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.*).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (*Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual*).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar sempre guiados polo Departamento de Orientación .
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Neste curso 2021-22 non haberá **agrupamentos** en ningún nivel educativo na nosa materia.

Se temos algún alumno-a **exento** na materia, por ser estranxeiros e descoñecer a lingua, terá reforzo na materia para que vaia acadando a competencia lingüística progresivamente.

Elaboraremos **adaptacións curriculares** a aqueles alumnos/as que as precisen.

Os alumnos/as con necesidades especiais irán a **reforzó educativo coa PT** .

O centro solicitou o programa ARCO (reforzó no primeiro trimestre para o alumnado de 1º, 2º e 3ºESO) e o PROA+ (dirixido ao alumnado de 4º ESO).

Plans de traballo para a superación da materia pendente.

Reunidos os componentes do Departamento de Lingua Galega e Literatura, e de acordo coa orde do 30 de setembro de 2.004, para facilitar ó alumnado coa materia de Lingua Galega e Literatura pendente a súa superación, establecéronse os seguintes procedementos:

1. O Departamento proporcionará ós alumnos coa materia pendente actividades que se axustarán aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe da PD de Lingua Galega do 2020/21 que irán realizando ó longo do curso. O primeiro bloque de actividades estará a disposición do alumnado en setembro. Estas actividades deberán ser entregadas ao profesor de Lingua Galega e Literatura. O prazo de entrega rematará na última semana de novembro. En caso de que a entrega das actividades se realice antes, de seren avaliadas negativamente, poderán ser rectificadas polo alumno antes de que acabe o prazo límite de entrega. O segundo bloque de actividades estará a disposición do alumnado en decembro. Estas actividades deberán ser entregadas ao profesor de Lingua Galega e Literatura a mediados de febreiro. En caso de que a entrega das actividades se realice antes, de seren avaliadas negativamente, poderán ser rectificadas polo alumno antes de que acabe o prazo límite de entrega. As actividades serán revisadas e avaliadas polo profesor correspondente ao curso no que estean matriculados. Se neste proceso de avaliación continua o alumno alcanza os obxectivos mínimos da programación, terá superada a materia pendente.
2. Dado que na área de Lingua Galega e Literatura os contidos son progresivos, consideraráselles superada a materia pendente do curso anterior a aqueles alumnos que obteñan avaliación positiva en xuño na materia de Lingua Galega e Literatura do curso no que están matriculados.
3. Se un alumno non superase a materia pendente despois de aplicar os apartados 1º e 2º, deberá realizar unha proba final, e en caso de non superala, terá dereito a realizar outra proba extraordinaria a finais de xuño. En caso de non podermos realizar esa proba presencial, deberá entregar as actividades de recuperación ben realizadas.

O alumnado coa materia pendente deberá acudir ó profesor de Lingua Galega no presente curso escolar para resolver as dificultades que se presente á hora de realizar as actividades que lle proporcionou o Departamento. As ensinanzas do programa de recuperación de materias pendentes estarán baseadas na PD de Lingua Galega do curso 2020/21.

Programación da educación en valores

A práctica educativa ten que estar encamiñada a que o alumnado sexa máis xusto e solidario, sexa máis democrático e aprenda a vivir cos demais.

Así, na Educación Secundaria Obrigatoria —como en todo o sistema educativo en xeral— educar para a vida e para a convivencia é un dos obxectivos base; de maneira que fomentar a educación en valores é un compromiso social que debe de abordarse simultaneamente en todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Existen unha serie de valores socialmente considerados como positivos que se busca que o sistema educativo reforce: a tolerancia, a autonomía, a solidariedade, a responsabilidade, o compromiso, a xustiza e o respecto á diversidade e á pluralidade das persoas son en gran medida os máis destacados.

Evitáronse nos materiais empregados contidos ou imaxes que transmitisen información sexista (por exemplo, non se encontrarán figuras de superheroes masculinos salvadores de evas en perigo ou mulleres obxecto comúns na linguaxe publicitaria), racista ou que puidesen dar como normal situacións que non desexamos que a xente nova considere como norma.

A exclusión da linguaxe sexista é tamén outra das apostas deste grupo de traballo. Optamos por facer un uso equiparado do feminino, do masculino ou de colectivos neutros con sentido xenérico, de maneira que se evita reducir esta opción exclusivamente ao xénero masculino. Esta práctica tradicional de usar o *el* como englobador estase a poñer en cuestión polos valores subxacentes que transmite de seu.

Tamén se fixo fincapé en evitar fraseoloxía ou expresións comúns que, aínda que sexan tradicionais ou habituais, reproducen un mundo de percepcións que non corresponde co ideal de hoxe.

Finalmente, houbo unha especial atención ás lecturas. Foi fundamental que respectasen esa base de principios ou valores. Por outra banda, os libros de texto pretenden ser unha ferramenta útil para que o alumnado aprenda a ser empático e responsable.

A empatía refórzase a través de diferentes actividades prácticas polas que o estudante e a estudante debe asumir o rol doutro ou doutros que poidan desenvolver un papel social diferente do deles. A reflexión e a análise seméllannos a mellor ferramenta para que o alumnado supere os prexuízos e entenda os seus efectos negativos a través dunha experiencia non violenta persoal.

A aceptación da responsabilidade e do valor polo traballo é unha necesidade básica para garantir o éxito do alumnado nun mundo cada vez máis competitivo. Por conseguinte, consideramos que esta ferramenta educativa non só reproduce o currículo académico propio do seu curso lectivo, senón que tamén respecta e traballa na liña de fomentar uns valores adecuados cos que queremos que a nosa xuventude creza.

Estes valores están presentes en actividades e textos das distintas unidades da programación, así desde unha perspectiva coeducativa hai un equilibrio entre lecturas con protagonista masculino e feminino..

- A educación para a saúde.
- A coeducación (emprego dun léxico non sexista, actividades con refráns de ideoloxía machista).
- A educación para a paz.
- A educación ambiental.
- A educación para o consumo.

A abordaxe dos temas anteriormente apuntados realizarase a partir da lectura de fragmentos escollidos de obras literarias ou de noticias de actualidade que os traten, promovendo no alumnado a reflexión e un espírito crítico ante aquelas actitudes contrarias . Algúns exemplos poderían ser:

Educación moral e cívica

As lecturas permiten promover unha reflexión cos alumnos sobre a educación, a xustiza e a verdade como valores fundamentalisno desenvolvemento das sociedades.

Educación para a convivencia

O contido do programa de Lingua e sociedade debe servir para tomar consciencia do plurilingüismo no mundo e axudar a comprender mellor e respectar a diversidade lingüística no noso contorno.

Deben reflexionar sobre hábitos lingüísticos e prestar especial atención aos prexuízos que aínda existen hoxe en torno á lingua. Promover unha actitude crítica cara ás discriminacións por razón de lingua e unha defensa dos dereitos dos falantes. Pódense analizar tamén os usos que se observan no contorno social e familiar.

Educación para a igualdade

Falar dos estereotipos que circulan sobre actividades que se consideran propias de homes ou de mulleres, analizar e valorar a persistencia na sociedade actual de desigualdades e discriminacións por razón de sexo e fomentar unha reflexión, revisión e corrección de roles asociados cos sexos.

O departamento solicitou para este curso o programa *Donas de si* que consiste en desenvolver un proxecto relacionado coa visibilización e empoderamento das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega e como punto de partida para traballar na aula a igualdade e os estereotipos de xénero.

Educación ambiental

Insistir na realidade ambiental de preocupación mundial: o cambio climático e as súas consecuencias. É un punto de partida idóneo para reflexionar sobre necesidades ambientais urxentes no planeta, a importancia de sumar esforzos e facer todo o que estea ao noso alcance: respectar o contorno máis próximo, reducir consumos, reciclar...

Sensibilizar aos alumnos pola natureza e salientar a importancia do medio natural como un patrimonio de todos.

Educación para a tolerancia

Levar a cabo unha reflexión sobre o racismo e o problema da xenofobia, o problema da pobreza.

Tamén na selección de lecturas para os distintos niveis procuramos escoller obras coas que poidamos traballar estes temas.

Accións de contribución ao plan de convivencia

O Departamento de Lingua Galega e Literatura comprométese ao seguimento das directrices marcadas no plan de convivencia do centro.

Obxectivos:

- Tentar reflexionar e concienciar ao noso alumnado da necesidade de formar persoas partindo da igualdade, para lograr ter un futuro máis democrático e equitativo.
- Corrixir a linguaxe sexista.
- Promover entre o alumnado a toma de conciencia da desigualdade real na nosa sociedade entre homes e mulleres, en relación coa repartición de tarefas e a asunción de responsabilidades.
- Identificar condutas inapropiadas dos rapaces cara ás rapazas, que pasan pola utilización de palabras ou actitudes que prexudican a igualdade de tratamento.
- Incentivar a cooperación e colaboración para o fomento da aprendizaxe mutua.
- Exemplificar e reflexionar sobre a igualdade de capacidades e dereitos.
- Dar a coñecer a problemática da violencia de xénero, identificando as súas características xerais.
- Xerar un pensamento crítico en relación á sociedade actual.

Medidas e actividades:

- Facer alusións específicas nos días sinalados para as distintas conmemoracións: igualdade de xénero (25 de novembro, 8 de marzo..)
- Procurar saír ao paso de actitudes e comportamentos machistas.
- Traballo colaborativo e grupal.
- Promover unha actitude de respecto cara todos os membros da comunidade educativa.
- Facerlle entender ao alumnado que coidar o material é responsabilidade súa.

Accións de contribución ao plan lector.

Tendo en conta os resultados do traballo diario nas aulas e vistas as dificultades que presentan os nosos alumnos, chégase á necesidade de establecer un plan de actuación que posibilite corrixir as deficiencias en canto ao manexo da lectura e da escritura como ferramenta básica para o estudo e para entender calquera mensaxe que sexa preciso descifrar, tanto nas diferentes áreas, como nos contextos habituais da vida cotiá.

A incidencia dos problemas de lectura (xa sexa de comprensión, de hábitos, ou de fluidez) no fracaso escolar é transcendental, por isto todos os departamentos, non só os de linguas, temos que participar no Proxecto Lector do centro.

1. Obxectivos.

O **obxectivo xeral do P.L.** é formar lectores competentes, isto é, que lean comprensivamente todo tipo de textos, que saiban interpretar o que len, que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que reformulen e transformen contidos, e que escriban correctamente.

Obxectivos específicos:

- Desenvolver a competencia lectora do noso alumnado dende todas as áreas incorporando o uso da lectura, da escritura e das habilidades no tratamento e na produción da información na metodoloxía da práctica docente.
- Fomentar o hábito da lectura, promovendo a consolidación de hábitos lectores relacionados tanto co terreo académico, como co ocio e o pracer persoal.
- Fomentar a capacidade reflexiva e crítica ante a inxente cantidade de información e fontes ás que teñen acceso, e a habilidade para crear e producir información nunha variedade de formas para lograr as súas metas persoais, sociais e educativas.
- Fomentar a inquietude por aprender para favorecer a autoaprendizaxe, incorporando as tecnoloxías da información e comunicación na procura, localización, selección, recollida, tratamento e produción da información en diversos formatos para transformala en coñecemento.
- Apoiar a adquisición das competencias clave, especialmente: comunicación lingüística, conciencia e expresión culturais, competencia dixital, e competencia para aprender a aprender.
- Utilizar os medios e recursos da biblioteca, integrándoa na práctica docente, transformándoa nun centro xerador de actividades que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritoras e capacidade investigadora e de aprendizaxe.
- Crear e desenvolver unha política lectora de centro que sistematice todas as estratexias encamiñadas ao fomento da lectura, escritura e alfabetización mediática e informacional (AMI), ao funcionamento da biblioteca como factor de compensación social e integración das fontes informativas.
- Informar e implicar ás familias no Proxecto Lector para conseguir que se convertan en modelos de bos lectores e fagan uso da biblioteca como centro de documentación e lugar de información.
- Motivar, implicar, formar e dotar de medios ao profesorado como artífice da promoción da lectura.

2. Metodoloxía e recursos:

Pretendemos potenciar a lectoescritura como instrumento indispensable para a aprendizaxe en todas as materias, por iso:

- Fomentaremos os distintos tipos de lectura, segundo a súa finalidade (ver **PL**).
- Potenciaremos actividades que favorezan a comprensión mediante o traballo con textos de progresiva complexidade.
- Ensinaremos estratexias e técnicas para resumir e reelaborar información.
- Traballaremos ao redor da **biblioteca escolar**, considerándoa centro de documentación, información e recursos. Daremos instrucións precisas para realización de traballos de investigación.
- Lectura e escritura entenderanse como dous procesos independentes, pero paralelos e complementarios.
- Aproveitaremos os medios de comunicación de masas e as **TIC**.
- En todo momento favoreceremos a investigación, a reflexión, o respecto e o estímulo.
- Valoraremos a creación literaria do alumnado.
- O alumnado debe ser o protagonista do plan lector. Os textos, obras, temas deben ser seleccionados partindo das preferencias do alumnado.
- Deberemos ter por norma non esixir ao alumnado nada que non ensinamos previamente.

3. Actividades.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura considera que a base da nosa tarefa educativa e docente é dotar ao alumnado das ferramentas básicas para a mellora da súa comprensión e expresión.

- *Lectura de textos literarios.*

En todos os niveis facilitaremos ao alumnado unha selección de obras entre as que poidan seleccionar unha por trimestre. Cada alumno realizará un traballo, seguindo o guión que lle facilitará o profesor. O traballo puntuará o 10% da nota.

Fomentaremos a lectura individual comentando obras, proponendo títulos e aconsellando ao alumnado. Toda lectura opcional incrementará a nota (+0.5). O alumno entregará para demostrar a lectura unha valoración da mesma.

- *Textos escritos de diversa tipoloxía.*

Traballaremos todos os aspectos relacionados coa lectura e a comprensión:

-Emprego de distintos tipos de lectura (ver PL).

-Ensino e emprego de estratexias lectoras (subliñar, resumir...ver PL). A selección de textos adaptarase aos distintos niveis. Sobre estes textos realizaranse todo tipo de actividades: cuestións de comprensión lectora, busca e extracción de información, valoración, reflexión sobre a propia lingua...

- *Textos orais.*

Empregando audicións traballaremos a comprensión e a expresión. O alumnado realizará breves exposicións orais preparadas sobre algún tema proposto polo profesor.

- *Expresión escrita.*

Traballaremos as técnicas da redacción.

O alumnado creará breves textos utilizando o novo léxico que vaia aprendendo.

Realizarán escritos diversos (creativos, informativos...)

Traballarase sistematicamente a acentuación, ortografía e puntuación. Como consta na programación os erros ortográficos serán penalizados.

- *Traballo de investigación. Uso e fomento da biblioteca e das TIC.*

En cada nivel de ESO os alumnos realizarán un traballo de investigación en relación con contidos da materia utilizando os fondos e fontes de información da biblioteca. O profesorado facilitará ao alumno o tema concreto, un guión e unha bibliografía. Así mesmo daralles as pautas para a presentación do traballo.

- *Corrección.*

Todos os traballos que presenten os alumnos terán que respectar as normas ortográficas. Tal e como quedou reflectido na programación didáctica, penalizaranse as faltas. Poderá rebaixarse a nota ata un 20% dependendo da gravidade e do número de erros.

Valorarase de forma positiva a orde e a coherencia sintáctica, a presentación, a propiedade e a riqueza léxica.

- *Outras actividades.*

Actividades de animación á lectura do equipo de biblioteca. O equipo da biblioteca leva a cabo actividades lúdicas (adiviñar un título partindo dunhas pistas, buscar o autor dunha obra...) para que o alumnado utilice a biblioteca, lea e se acostume a buscar información. O noso departamento fomentará a participación do alumnado nestas actividades.

Creación de distintos tipos de textos para a revista escolar.

Club de lectura. Os Departamentos de Lingua Castelá, de Lingua Galega e outros continuaremos co Club de lectura en todos os niveis da ESO. Grupos de rapaces que len ao mesmo tempo un libro e que se reúnen periodicamente para comentar a parte lida cos outros compañeiros e para participar nas actividades deseñadas (visión colectiva de películas baseadas nas novelas lidas, creación dun blog para que poidan expresar as súas opinións, talleres de escritura...). Debido á situación deste curso, serán grupos reducidos para poder manter a distancia de seguridade entre eles.

Tampouco realizaremos actividades como *encontros con escritores ou ilustradores, asistencia a representacións teatrais, excursións...*

4. Temporalización.

Ademais da nosa participación e colaboración na **Hora de ler**, o Departamento de Lingua Galega e Literatura dedicará unha hora semanal a realizar as actividades aquí programadas. Ao longo do curso lemos e traballamos as características de textos orais escritos de todos os tipos e en todos os formatos . Non só manexamos modelos de todos eles , senón que procuramos que o alumnado produza textos segundo as pautas que definen cada tipoloxía

5. Itinerarios lectores.

Contéplase a posibilidade de variar a listaxe das obras que se apuntan máis abaixo incluíndo as novidades editoriais máis recentes ou aquelas lecturas ligadas a actividades e encontros con escritores. Neste catálogo procuramos incluír tanto textos de lectura doada e próxima aos intereses como clásicos da nosa literatura.

A lectura dunha obra por trimestre non ten carácter obrigatorio, pero valorarase como un 1 punto da nota da avaliación. Ademais o alumnado poderá facer outras lecturas que lle sumarán 0,5 na nota (máximo 2 por trimestre).

Itinerario lector (1º e 2º ESO).

- O LABORATORIO DO DOUTOR NOGUEIRA. Agustín Fernández Paz.
- AS FLORES RADIOACTIVAS. A. Fernández Paz.
- O PAZO BALEIRO. Xabier P. Docampo.
- AMEAZA NA ANTÁRTIDA. Ramón Caride.
- A EXPEDICIÓN DO PACÍFICO. Marilar Aleixandre.
- RESALGARIO. Antonio Reigosa.
- A CASA DA LUZ. Xabier P. Docampo.
- RAPAAS. A. Fernández Paz.
- O RESCATE DO PENEIREIRO. Marilar Aleixandre.
- TRECE ANOS DE BRANCA. A. Fernández Paz.
- AVENIDA DO PARQUE 17. A. Fernández Paz.
- O SEGREDO DA PEDRA FIGUEIRA. Mª Xosé Queizán.
- AS VIAXES DO PRÍNCIPE AZUL. Darío Xohán Cabana.
- A MALVADA MARÍA XOSÉ. Miguel Vázquez Freire.
- TONECHO DE REBORDECHAO. Breogán Riveiro.
- SEMPRE HAUSA. Xoán Babarro.
- O REINO IDEAL. Miguel Anxo Mouriño.
- COS PÉS NO AIRE. Agustín Fernández Paz.
- OS MEGATOXOS E O APRENDIZ DE DRUÍDA. Anxo Fariña.

- OS MEGATOXOS E A ESPADA ESMERALDA. Anxo Fariña.
- OS MEGATOXOS E OS TEMPLARIOS DA LUZ. Anxo Fariña.
- OS MEGATOXOS E A CARA OCULTA DA LÚA. Anxo Fariña.
- USHA. María Reimóndez.
- MIL COUSAS PODEN PASAR. Jacobo Fernández Serrano.
- VAICHE BOA! Paul Jennings.
- O BRINDO DE OURO. Xesús M. Marcos.
- O MONSTRO DAS PALABRAS. María Reimóndez.
- CHAMÁDEME SIMBAD. Francisco Castro.
- O TESOURO DAS ÁNIMAS. Conchi Regueiro.
- BALA PERDIDA, Manuel Rivas.
- XENARO E O MISTERIO DA MOCHILA VERDE, Mar Guerra.
- BRAIS E OS DEMAIS, Manuel Darriba.
- PETANDO NAS PORTAS DE DYLAN. Antonio García Teijeiro.
- AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS. Carlos Casares.
- O ACHADO DO CASTRO. M. Núñez Singala.
- A VOZ DO LAGO. Antón Riveiro Coello.
- LENDO LENDAS DIGO VERSOS. Antonio García Teijeiro.
- A ILLA DE TODAS AS ILLAS. Xabier P. Docampo.
- O CADERNO DE ÁNXELA. Raquel Ricart.
- A LAGOA DAS NENAS MUDAS. Fina Casalderrey.
- ATA QUE O SAIBAS TODO. Juan Cruz Igerabide.
- CORREDORA. María Reimóndez.

Itinerario lector (3º e 4º ESO).

- CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE. Xabier P. Docampo.
- XOEL. Isabel- Clara Simó.
- CARTAS DE INVERNO. Agustín Fernández Paz.
- AIRE NEGRO. Agustín Fernández Paz.

- ANXOS EN TEMPO DE CHUVIA.Miguel Vázquez Freire.
- ¡ASÚSTATE, MERCHE! Fina Casalderrey.
- TRISTES ARMAS.Marina Mayoral.
- ANAGNÓRISE.Victoria Moreno.
- A BANDA SEN FUTURO.Marilar Aleixandre.
- AMOR DOS QUINCE ANOS, MARILYN.A.Fernández Paz.
- NASSIMA, Á SOMBRA DOS TALIBAN.Merçé Rivas Torres.
- O CENTRO DO LABIRINTO.A.Fernández Paz.
- ¿SOBREVIVES? Fina Casalderrey.
- AS COUSAS CLARAS.X.A.Neira Cruz.
- FLANAGAN DE LUXE.A. Martí e J.Ribera.
- MECANOSCRITO DA SEGUNDA ORIXE.Manuel de Pedroso.
- HISTORIAS PARA CALQUERA LUGAR.Varios.
- NOITE DE VORACES SOMBRAS.A.Fernández Paz.
- UNHA ESTRELA NO VENTO.Ledicia Costas.
- IRMÁN, REI ARTUR. Carlos Reigosa.
- TRES PASOS POLO MISTERIO.A Fernández Paz.
- DE FEL A MEL. Patxi Zubizarreta.
- IRMÁN DO VENTO.M.Lourenzo González.
- MORNING STAR.Xosé Miranda.
- PEL DE LOBO.Xosé Miranda.
- HISTORIA DE GALICIA. Pepe Carreiro.
- PASA-LO LÍMITE. Xavier Alfaya.
- O INFERNO DE MARTA. Pascual Alapont.
- SOIDADES DE ANA. Jordi Sierra i Fabra.
- CONTADOR DE ESTRELAS. Jaureguizar.
- LÚA DO SENEGAL. Agustín Fernández Paz.
- O ÚLTIMO TRABALLO DO SEÑOR LUNA, César Mallorquí.
- QUEN MATOU A INMACULADA DA SILVA? Marina Mayoral.

- CHAMANDO ÁS PORTAS DO CEO. Jordi Sierra i Fabra.
- A SOMBRA DESCALZA. An Alfaya.
- RÚA CARBÓN. Marilar Aleixandre.
- ÁS DE BOLBORETAS. Rosa Aneiros.
- ILLA SOIDADE. An Alfaya.
- O SEGREDO DE MARCO POLO. Francisco Castro.
- O CORAZÓN DE XÚPITER. Leticia Costas.
- DO OUTRO LADO DO ESPELLO. Sierra i Fabra.
- O CLUBE DA CALCETA. María Reimóndez.
- AGOSTO DE 36. Xosé Fernández Ferreiro.
- POETÍZATE. Fran Alonso.
- COMEDIA BÍFIDA. Núñez Singala.
- A ESMORGA. Blanco Amor.
- OS BIOSBARDOS. Blanco Amor.
- OS DOUS DE SEMPRE. Castelao.
- COUSAS. Castelao.
- OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE. Castelao.
- A NOSA CINZA. Xavier Alcalá.
- Á LUS DO CANDIL. Ánxel Fole.
- XENTE DE AQUÍ E ACOLÁ. Cunqueiro.
- OS OUTROS FEIRANTES. Cunqueiro.
- VENTO FERIDO. Carlos Casares.
- RETRINCOS. UN OLLA DE VIDRO. Castelao.
- MEMORIAS DUN NENO LABREGO. Xosé Neira Vilas.
- DON HAMLET. Álvaro Cunqueiro.
- ARNOIA, ARNOIA. X. L. Méndez Ferrín.
- DOS ARQUIVOS DO TRASNO. Rafael Dieste.
- ARDALÉN. Miguelanxo Prado.
- HORIZONTE DE SUCESOS. Anxo Fariña.
- MARXINADOS. Pepe carballude.

- OS NENOS DA VARIÓLA. María Solar.
- O XOGO DE BABEL. Elena Gallego.
- MENTIRA. Care Santos.
- VERDADE. Care Santos.
- SEGREDOS NO SOLPOR. Iria Misa.
- A CAIXIÑA DOS RANCORES. Héctor Cajaraville.
- 22 SEGUNDOS. Eva Mejuto.

6. Avaliación.

Cada profesor terá que avaliar os seguintes aspectos:

- Melloras ao longo do curso na competencia lingüística do alumnado.
- A participación nas diferentes actividades e propostas feitas durante o curso.
- A adquisición de hábitos lectores.
- Traballo cooperativo e organización.
- A utilización dos recursos da biblioteca.
- O emprego das TICs.

Accións de contribución ao plan TICs.

A presenza das TICs en todas e cada unha das áreas e materias que se imparten na ESO demostra a grande importancia que teñen como recurso para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe nesta etapa. A súa integración debe supor un cambio metodolóxico e unha adaptación a unha realidade social que xa depende dende hai tempo destas tecnoloxías e que, ademais, non deixan de experimentar un constante proceso de evolución e renovación.

O alumnado pertence a unha xeración que naceu e que se desenvolve nun contexto caracterizado pola presenza destas tecnoloxías dixitais e por isto cómpre tirar proveito das inmensas posibilidades comunicativas e expresivas que teñen as TICs para aplicarlas no traballo cotián, tanto dentro como fóra das aulas. É preciso, polo tanto, poñelas ao servizo da creación de medios didácticos que contribúan a favorecer a aprendizaxe e a ofrecer unhas ensinanzas acordes con esta sociedade da comunicación, e máis na área de Lingua Galega e Literatura, onde se pretende que as TICs sexan unha ferramenta para que o alumnado poida obter, interpretar, elaborar e valorar informacións e opinións de distinto tipo, e se convertan ademais nun recurso para traballar os distintos bloques de contidos.

Cómpre ter en conta as seguintes consideracións:

- As TICs non teñen efectos máxicos sobre a aprendizaxe nin xeran innovacións educativas *per se*, por iso o protagonismo do profesorado como guía e orientador do proceso de ensino-aprendizaxe é primordial.
- As TICs reforzan a aprendizaxe tanto en métodos de ensino expositivos como en métodos construtivistas, onde se lle dá un maior protagonismo ao alumnado no descubrimento de novos contidos.
- As TICs cómpre empregarlas de xeito que o alumnado aprenda facendo cousas con elas: procura de datos, manipulación de obxectos dixitais, creación de información, audicións, proxeccións de vídeos, realización de actividades interactivas.

- Estas tecnoloxías empréganse tanto no traballo individual coma nos procesos de aprendizaxe colaborativa con grupos de alumnos, e tanto presencial coma virtualmente.
- Co emprego das TICs é preciso facer explícito o obxectivo e o contido da aprendizaxe, así como o tipo de competencia ou habilidade que se quere promover no alumnado.

As actividades que se poden realizar na aula son amplas:

- Acceso inmediato aos contidos e programas de todos os medios de comunicación (prensa, televisión...).
- Produción, recepción e publicación de textos. Participación en todo tipo de experiencias literarias de carácter dixital e interactivo.
- Estudo asistido por ordenador de contidos do currículo da área: morfosintaxe, autocorrección de ortografía...
- Acceso a textos, obras e autores pertencentes á nosa tradición literaria.
- Adquisición de destrezas en: procesador de textos, programas didácticos relacionados co currículo, navegación por Internet, uso apropiado de enciclopedias dixitais.

Enderezos web de interese para traballar determinados aspectos dos contidos de Lingua Galega e Literatura:

-Información sobre morfoloxía

<http://www.usc.es/~ilgas/morfos.html>

-Diccionario da Real Academia Galega

<http://www.edu.xunta.es/diccionarios>

-Varios vocabularios e léxicos

http://www.usc.es/snl/term/andel-term_SNL.htm

-Mapas dialectais

<http://www.usc.es/~ilgas/mapas.html>

-Biblioteca Virtual Galega

<http://www.bvg.udc.es>

-Literatura galega medieval

<http://www.usc.es/~ilgas/escolma.html>

Actividades complementarias e extraescolares

Debido á pandemia, as actividades complementarias e extraescolares van quedar reducidas a:

- Preparación e celebración do Día das Letras Galegas. Exposición dos traballos realizados polo alumnado.
- Participación nas campañas de normalización e certames literarios.
- Actividades do programa *Donas de si* para visibilizar a importancia da muller na sociedade durante todos os tempos.

Realizaranse todas aquelas actividades complementarias e extraescolares que poidan xurdir ao longo do curso relacionadas coa nosa materia e que o Departamento considere de interese para o alumnado.

Avaliación da programación

Propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

| ASPECTOS A AVALIAR | A DESTACAR... | A MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---------------|---------------|------------------------------|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Descritores e desempeños competenciais | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe | | | |
| Atención á diversidade | | | |
| Interdisciplinariade | | | |

Composición do Departamento de Lingua galega e Literatura

O Departamento de Lingua Galega e Literatura neste curso académico 2021-22 está formado por:

- Tania Vázquez García que impartirá clases de Lingua Galega e Literatura en dous grupos de 1ºESO (A, B) e tres grupos de 3ºESO (A, B, C). Completa horario coa titoría de 3ºC.
- Antía Álvarez Moure que impartirá clases de Lingua Galega e Literatura en dous grupos de 2ºESO (B, C) e en dous grupos de 1º (C, D); de Inglés en 1ºESO A. Completa horario coa titoría de 1ºD.
- Concepción Moure Martínez impartirá clases de Lingua Galega e Literatura en 2ºESO A e en tres grupos de 4º (A, B, C). Completa horario con biblioteca e coa xefatura de departamento.

A Cañiza, 15 de outubro de 2021.

Asdo.: Tania Vázquez García

Antía Álvarez Moure

Concepción Moure Martínez